



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 4 de XULLO de 2025**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup>. Ana M.<sup>a</sup> Mejías Sacaluga  
D. Angel Rivas González  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día catro de xullo de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(503).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 27 de xuño. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(504).- OUTORGAMENTO DE SUBVENCÍONS A ORGANIZACIÓNS NON GOVERNAMENTAIS DE DESENVOLVEMENTO (ONGD) PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL - ANO 2025. EXPTE. 276370/301.**

Visto o informe de fiscalización do 24/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/05/2025, asinado pola xefa de Benestar Social, o asesor

xurídico adxunto a Benestar Social e o xefe de Área de Benestar Social, e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Tramitado polo Servizo de Benestar Social o procedemento de outorgamento de subvencións a Organizacións Non Gubernamentais de Desenvolvemento (ONGD) para a realización de proxectos de cooperación internacional no exercicio de 2025, resultan os seguintes feitos:

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 31.01.2025, aprobou as bases e a convocatoria de «SUBVENCIONES A ORGANIZACIONES NON GUBERNAMENTAIS DE DESARROLLO (ONGD) PARA LA REALIZACIÓN DE PROYECTOS DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL. CONVOCATORIA DE 2025. CONCELO DE VIGO (POLÍTICA SOCIAL)» e os seus Anexos I – VII. Foron publicadas no BOP nº 27, do 10.02.2025 e o extracto da convocatoria no BOP nº 30, do 13.02.2025.

I.2. Tramitado o expediente conforme ó disposto nas bases da convocatoria, o órgano instructor, á vista da proposta non vinculante de valoración realizada pola «Comisión de Avaliación de Actividades de Desenvolvemento» de data 29.04.2025, da proposta de resolución provisional do 09.05.2025, publicada na sede electrónica do Concello de Vigo por prazo de dez (10) días e da comunicación por escrito da aceptación das respectivas subvencións polas entidades propostas como beneficiarias, así como a aceptación da reformulación por parte da Comisión Avaliadora (Acta complementaria do 20.05.2025) das subvencións por parte das ONGD “ASOCIACIÓN HARAMBEE”, “FUNDACIÓN AGUA DE COCO” e “SOLIDARIDAD Y DESARROLLO”, **formula proposta de resolución definitiva** á Xunta de Goberno Local. Achéganse as Actas da citada Comisión nas que se detalla a proposta de concesión de subvencións.

I.3. Existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó gasto representado pola resolución desta convocatoria de subvencións na aplicación nº 2310.480.00.09 (“Convocatoria subvencions cooperación”) do vixente orzamento de gastos (60.000€). Existe tamén documento contable (RC12025000004105) por esa mesma contía.

I.4. As subvencións concedidas serán dun importe máximo de 15.000€ por cada proxecto subvencionado (Base 5ª, *in fine*). O reparto do crédito dispoñible establécese en función da puntuación obtida ó valorar de xeito obxectivo todas as solicitudes, de acordo cos criterios de valoración establecidos na Base 11ª, seleccionando ós seis (6) proxectos que obtiveron as maiores puntuacións (90 puntos ou máis).

I.5. As entidades solicitantes presentaron as correspondentes certificacións de estaren ó corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Faise constar tamén que da información que obra no expediente resultaría que cumpren con todos os requisitos esixidos para ser beneficiarias das subvencións.

## II. PROPOSTA DE ACORDO



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

### «ACORDO

PRIMEIRO: Conceder definitivamente, con cargo á aplicación orzamentaria n.º 2410.480.00.09 do vixente orzamento (“Convocatoria subvencións cooperación”) a cantidade de 60.000,00€ en concepto de subvencións a Organizacións Non Gubernamentais de Desenvolvemento (ONGD) para a realización de proxectos de cooperación internacional no exercicio de 2025, de acordo co seguinte detalle:

| NOME ASOC                                                                         | Proxecto                                                                                                                                                                                                                                                                     | PUNTUACIÓNS   | PORTE SUBVENCIÓN |
|-----------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|------------------|
| <b>FUNDACIÓN AGUA DE COCO</b>                                                     | Centro de Acogida Integral: Apoyo socio-educativo a niñas y jóvenes en riesgo de exclusión social frente a la crisis socio-económica y el cambio climático en la región de Tuléar ( <b>Madagascar</b> )                                                                      | <b>92,50</b>  | <b>10.220,99</b> |
| <b>Contraparte: ONG BEL AVENIR</b>                                                | Proxecto para axuda ao financiamento dunha residencia Centro de Atención Integral a nenas e adolescentes                                                                                                                                                                     |               |                  |
| <b>FUNDACIÓN TALLER DE SOLIDARIDAD<br/>Congregación Siervas de San José (SSJ)</b> | Implementación de Huertos Orgánicos Familiares en la zona de Alto Litoral, Monte Olivos con mujeres migrantes campo-ciudad contribuyendo en la alimentación saludable de las familias, favoreciendo la reforestación de la zona - <b>BOLIVIA</b>                             | <b>90,50</b>  | <b>10.000,00</b> |
| <b>Contraparte: Fundación Nuqanchik,</b>                                          |                                                                                                                                                                                                                                                                              |               |                  |
| <b>ASOCIACIÓN AULAS ABIERTAS<br/>COMEDORES ESCOLARES</b>                          | AULAS ABIERTAS COMEDORES ESCOLARES <b>PERÚ - Cajamarca</b>                                                                                                                                                                                                                   | <b>90,00</b>  | <b>9.944,75</b>  |
| <b>Contraparte: Congregación de las Hermanas del Amor de Dios</b>                 | Construción dunha coziña-comedor na escola de Tres Zanjas (Celendin)                                                                                                                                                                                                         |               |                  |
| <b>COLABORACIÓN Y ESFUERZO</b>                                                    | Centro “Santa Mónica”: Proyecto de prevención social en niños y jóvenes de grupos en situación de riesgo de exclusión social a través de un programa de educación inclusiva en áreas urbanas empobrecidas en la periferia de Tegucigalpa ( <b>Honduras</b> )                 | <b>90,00</b>  | <b>9.944,75</b>  |
| <b>Contraparte: ACOES HONDURAS</b>                                                | <b>Apoio ESCOLAR DE REFORZO E DE ESPAZO PSICOPEDAGOXICO</b>                                                                                                                                                                                                                  |               |                  |
| <b>ASOCIACIÓN HARAMBEE</b>                                                        | Mejorar la atención de la drepanocitosis reforzando el funcionamiento del centro de salud, mediante la <b>instalación de una unidad de energía solar y la perforación de un pozo en Lubumbashi, RD Congo</b> , contribuyendo a reducir la tasa de mortalidad infantil fase 2 | <b>90,00</b>  | <b>9.944,75</b>  |
| <b>Contraparte: Centro Congolano de Cultura, de formación y desarrollo</b>        |                                                                                                                                                                                                                                                                              |               |                  |
| <b>SOLIDARIDAD EDUCACIÓN Y DESARROLLO</b>                                         | “Promoción de la educación técnica y profesional como herramienta de desarrollo para la juventud en Chibuluma, <b>Zambia</b> ”                                                                                                                                               | <b>90,00</b>  | <b>9.944,75</b>  |
| <b>Contraparte: Hermanos Maristas Zambia</b>                                      | Colaboración no financiamento dun centro de FP en Zambia                                                                                                                                                                                                                     |               |                  |
| <b>ORZAMENTO</b>                                                                  | <b>60.000,00</b>                                                                                                                                                                                                                                                             | <b>543,00</b> | <b>60.000,00</b> |

SEGUNDO: As entidades que non obtéñen subvención con cargo a esta convocatoria de 2025 de «SUBVENCIONS A ORGANIZACIONS NON GUBERNAMENTAIS DE DESENVOLVEMENTO (ONGD) PARA A REALIZACION DE PROXECTOS DE COOPERACION INTERNACIONAL (2025)», por acadar unha puntuación inferior a 90 puntos, son as que se relacionan na seguinte Táboa:

| NOME ASOC                                                                                                   | Proxecto                                                                                                                                                                                                                                                                                | PUNTUACIONS  |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|
| ASOCIACIÓN AMAP-ASOC MUNDIAL AYUDA PUEBLOS NECESITADOS (Asociación AMAP)                                    | TÍTULO DO PROXECTO: Fortalecemento del derecho a la educación de calidad y la mejora de la empleabilidad de los jóvenes refugiados del distrito de <b>Yumbe en Uganda</b> , mediante la <b>dotación de energía solar y de un aula informática la Escuela Primaria de Daniel Comboni</b> | <b>89,50</b> |
| Contraparte: Centro Justifica y Paz Juan Pablo II                                                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                         |              |
| COOPERACIÓN VICENCIANA PARA EL DESARROLLO - ACCION MISIONERA VICENCIAN                                      | "Estrategias para la Reinserción Social y Familiar de Adolescentes que se encuentran en conflicto con la ley en Cochabamba, <b>Bolivia</b> "                                                                                                                                            | <b>89,00</b> |
| Contraparte: LA PASTORAL CARITAS                                                                            |                                                                                                                                                                                                                                                                                         |              |
| SEMILLA PARA EL CAMBIO                                                                                      | Mellora da calidade do ensino para nenos e nenos de barrios marginales de <b>Varanasi, India</b>                                                                                                                                                                                        | <b>89,00</b> |
| Contraparte: DIVYA JYOTI                                                                                    |                                                                                                                                                                                                                                                                                         |              |
| FUNDACIÓN PROCLADE                                                                                          | "Fortalecer la soberanía alimentaria y el acceso al empleo de las comunidades en la frontera <b>Haiti- República Dominicana</b> y en la Región Enriquillo." Fase II                                                                                                                     | <b>88,00</b> |
| Contraparte: Congregación de Misioneros Claretianos de Haití- e Promoción Misionera Claretianan Dominicanam |                                                                                                                                                                                                                                                                                         |              |
| FUNDACION AMIGÓ                                                                                             | APRENDER XOGANDO: Mellora da calidade educativa de infantil e primaria dirixida a 240 nenos e nenas con dificultades de acceso aos espazos educativos formais mediante a <b>instalación e posta en funcionamento dunha pista polideportiva BENIN</b>                                    | <b>87,00</b> |
| Contraparte: Assoc. Amigonien au Benin                                                                      |                                                                                                                                                                                                                                                                                         |              |
| FUNDACIÓN CUME PARA EL DESARROLLO DE CULTURAS Y PUEBLOS                                                     | "Fortalecida a infraestrutura institucional do sistema público de saúde Distrito 5 de Sucre, para os Dereitos dos nenos, nenas e adolescentes (NNA) con discapacidade física e/ou mental. Fase II"- <b>BOLIVIA</b>                                                                      | <b>85,00</b> |
| Contraparte: Servicio Integral agropecuario Bolivarian                                                      |                                                                                                                                                                                                                                                                                         |              |
| LOTUS SPAIN ONG                                                                                             | APOYO EDUCATIVO Y BIENESTAR PARA NIÑOS Y NIÑAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDAD EN <b>VARANASI-INDIA</b>                                                                                                                                                                                  | <b>84,00</b> |
| Contraparte: LOTUS FUNDACION TEAM                                                                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                         |              |
| ASOCIACIÓN AMIGAS DA TERRA                                                                                  | "Fortalecemento comunitario y gestión sostenible de recursos naturales en cuencas hidrográficas prioritarias de <b>Chinandega, Nicaragua</b> "                                                                                                                                          | <b>84,00</b> |
| Contraparte: Asociación para el Desarrollo del Norte de Chinandega (ADENOCH)                                |                                                                                                                                                                                                                                                                                         |              |
| AZADA VERDE                                                                                                 | "Garantizar el derecho a educación e higiene de 215 niños, niñas y adolescentes de la provincia de Sofala"- <b>MOZAMBIQUE</b>                                                                                                                                                           | <b>82,00</b> |
| Contraparte: ESMABAMA                                                                                       |                                                                                                                                                                                                                                                                                         |              |
| HORIZON EXPERIENCES                                                                                         | Proxecto Horizon de plan de alfabetización, educativo e medioambiental na Isla de Brasiles. Nicaragua                                                                                                                                                                                   | <b>80,00</b> |
| Contraparte: SOS Nicaragua                                                                                  |                                                                                                                                                                                                                                                                                         |              |
| FUNDACION SUMMA HUMANITATE                                                                                  | EMPODERAMIENTO ECONÓMICO Y CULTURAL DE MUJERES INDIGENAS SHUAR Y ACHUAR EN LA AMAZONIA ECUATORIANA                                                                                                                                                                                      |              |
|                                                                                                             | DESESTIMADO. INSCRITA NO REXISTRO GALEGO DE AXENTES DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO NA SECC. D: "OUTROS AXENTES"                                                                                                                                                                  |              |
| ASOCIACIÓN HUMANITARIOS SIN FRONTERAS                                                                       | Manutención e Desenvolvemento Integral para Nenos Orfos en Gaza                                                                                                                                                                                                                         |              |
|                                                                                                             | DESESTIMADO. NON INSCRITA NO REXISTRO GALEGO DE AXENTES DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO                                                                                                                                                                                           |              |



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

TERCEIRO: Publicar este acordo no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

CUARTO: Notificar o acordo a todas as entidades interesadas, con indicación de que contra o mesmo poderá interpoñerse, potestativamente recurso de reposición perante o órgano que o ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas notificacións».

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(505).- OUTORGAMENTO DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES E ASOCIACÍONS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS – ANO 2025. EXPTE. 276371/301.**

Visto o informe xurídico do 06/06/2025 e o informe de fiscalización do 27/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 06/06/2025, asinado pola xefa de Benestar Social e o xefe de Área de Benestar Social, e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Tramitado o correspondente expediente de subvencións a asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades da área dos servizos sociais no ano 2025, resultan os seguintes feitos:

I.1. Por acordo da Xunta de Goberno Local do 07.02.2025 aprobáronse as Bases reguladoras e a convocatoria das subvencións a entidades e asociacións sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos Servizos sociais no ano 2025. Foron publicadas no BOP nº 34 do 19.02.2025 e o extracto da convocatoria no BOP nº 37 do 24.02.2025.

I.2. Tramitado o expediente conforme ó disposto nas bases da convocatoria, a instrutora do expediente, co informe da Comisión de avaliación de data 05.06.2025, formula proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, achegando a Acta da citada Comisión na que se detalla a proposta de concesión e denegación de subvencións reseñando, de ser o caso, o concepto e o importe das mesmas.

I.3. Existe crédito adecuado e suficiente na aplicación nº 2310.489.00.00 “*Subvencións a asociacións, entidades, etc. de carácter social*” do vixente orzamento de gastos, por un total de 90.000,00 €.

I.4. O reparto do crédito dispoñible establécese en función da puntuación obtida ó valorar de xeito obxectivo todas as solicitudes.

I.5. O importe exacto a conceder ascende a **89.926,37€**.

I.6. As entidades solicitantes presentaron declaración responsable no Servizo de Benestar social de estar ó corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Esta declaración substitúe á presentación das certificacións correspondentes, toda vez que as subvencións concedidas están destinadas a financiar proxectos ou programas de acción social, utilizándose, polo tanto, a simplificación na acreditación, segundo establecen o Art. 31.7 i) da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e os Arts. 24.4 e 7 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

I.7. Faise constar tamén que da información que obra no expediente resultaría que cumpren con todos os requisitos esixidos para ser beneficiarias das subvencións.

## II. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

### «ACORDO

**PRIMEIRO:** Conceder con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.00 a cantidade de **89.926,37€**. en concepto de subvencións a entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro, para a realización de actividades da área dos servizos sociais no ano 2025, segundo o seguinte desglose:

**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1921/1102

| Nº | EXPT.      | NOME ENTIDADE                                                          | PROXECTO                                                                                                                    | PUNTA<br>CIÓN<br>OBTIDA | IMPORTE<br>CONCEDIDO |
|----|------------|------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------|----------------------|
| 43 | 280500-301 | FEDERACION GALLEGA DE ASOCIACIONES EN FAVOR DE LAS PERSONAS CON DISCAP | Servizos de emprego específicos para persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento da provincia de Pontevedra | 45                      | 4.189,59             |
| 9  | 279445-301 | ASOC DISCAMINO DE SANTIAGO                                             | QUE NINGUÉN CHE DIGA QUE NON PODES                                                                                          | 44                      | 3.000,00             |
| 33 | 280436-301 | ASOCIACION XARUMA                                                      | NATURALMENTE: ACOMPAÑAMENTOS, RESPIROS FAMILIARES E FOMENTO DA VIDA AUTÓNOMA                                                | 44                      | 3.135,74             |
| 5  | 279265-301 | FUNDACIÓN INTEGRAL PARA LA DISCAPACIDAD INTELECTUAL                    | EDUCUIDATE                                                                                                                  | 43                      | 4.003,39             |
| 22 | 280130-301 | FUNDACION ALDABA                                                       | ACTIVÁMONOS VI                                                                                                              | 40                      | 3.724,08             |
| 19 | 280065-301 | CRUZ ROJA ESPAÑOLA                                                     | PREVENCIÓN DA EXCLUSIÓN RESIDENCIAL                                                                                         | 37                      | 3.444,77             |
| 11 | 279459-301 | DOWN VIGO ASOC PARA EL SINDROME DE DOWN                                | "MOVE O TEU CORPO CON XEITO" A IMPORTANCIA DA PSICOMOTRICIDADE NO REFORZO EDUCATIVO                                         | 36                      | 3.000,00             |
| 17 | 280055-301 | FUNDACION AMEDIS                                                       | PROGRAMA TIC                                                                                                                | 36                      | 3.279,80             |
| 54 | 280685-301 | CARITAS DIOCESANA DE TUY VIGO                                          | CON-VIVINDO                                                                                                                 | 33                      | 3.072,37             |
| 14 | 280050-301 | HOGAR Y CLINICA SAN RAFAEL                                             | PROGRAMA DE OCIO E TEMPO LIBRE E ADQUISICIÓN DE HÁBITOS FÍSICO-PSÍQUICO SAUDABLES                                           | 32                      | 2.979,26             |
| 40 | 280490-301 | ASOCIACION DOA SAUDE MENTAL                                            | Otaí-chi na rehabilitación psicomotriz das persouas con problemas de saúde mental 2025                                      | 32                      | 2.574,00             |
| 6  | 279268-301 | AGRUPACION SOCIO DEPORTIVA ALTER-NATIVA                                | VIVE DEPORTIVAMENTE AÑO 2025 CONTINUIDADE E CONSOLIDACIÓN                                                                   | 31                      | 2.886,16             |
| 10 | 279450-301 | BICOS DE PAPEL ASOC AXUDA NENOS ONCOLÓXICOS HOSPITAL ALVARO CUNQUEIRO  | XUNTOS: Programa de mellora da calidade de vida da infancia oncolóxica e as súas familias                                   | 31                      | 2.886,16             |
| 20 | 280069-301 | ASOCIACION SON DAS FLORES                                              | ORQUESTRA E CORO SON DAS FLORES, TRANSFORMACIÓN MEDIANTE A MÚSICA                                                           | 29                      | 2.699,96             |
| 35 | 280438-301 | ASOCIACION VIGUESA DE ESCLEROSIS MÚLTIPLE DE PONTEVEDRA                | PROGRAMA DE REHABILITACIÓN FISIOTERAPEUTICA EN ESCLEROSE MÚLTIPLE                                                           | 29                      | 1.400,00             |
| 13 | 280047-301 | FUNDACION ERGUETE- INTEGRACION                                         | PROXECTO VERBAS                                                                                                             | 28                      | 2.606,86             |
| 53 | 280612-301 | ASOCIACION CENTRO CULTURAL ARTISTICO E RECREATIVO VALLADARES           | FACILITANDO O ACCESO A EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (E.S.A)                                                             | 28                      | 2.606,86             |
| 32 | 280435-301 | FEDERACION COGAMI PONTEVEDRA                                           | FISIOTERAPIA APLICADA Á MELLORA DA PSICOMOTRICIDADE 2025                                                                    | 27                      | 2.100,00             |
| 27 | 280388-301 | ASOC NENOS CON HIPERACTIVIDAD Y DEFICIT DE ATENCION ANILDA             | TERAPIA EDUCATIVA E PSICOLÓXICA PARA NENOS E NENAS CON TDAH                                                                 | 26                      | 2.420,65             |
| 36 | 280439-301 | FUNDACION JUAN SOÑADOR                                                 | PROXECTO EDUCATIVO NA RÚA VIGO                                                                                              | 25                      | 2.327,55             |
| 16 | 280054-301 | APAMP ASOCIACION DE FAMILIARES DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL        | Hidroterapia e benestar, rehabilitación lúdica para persoas con parálise cerebral                                           | 24                      | 2.234,45             |
| 21 | 280070-301 | ASOCIACION PEQUES AZULES                                               | CAMIÑOS AZUIS                                                                                                               | 24                      | 1.400,00             |
| 24 | 280285-301 | FUNDACION AMIGÓ                                                        | PROYECTO CONVIVIENDO                                                                                                        | 24                      | 2.234,45             |
| 2  | 279032-301 | FUNDACION MENELA                                                       | ESPazos DE MOVEMENTO                                                                                                        | 23                      | 2.141,35             |
| 26 | 280287-301 | ASOC GALLEGA CONTRA LAS ENFERMEDADES NEUROMUSCULARES ASEM GALICIA      | Ocio inclusivo nas Enfermidades Neuromusculares                                                                             | 22                      | 2.048,24             |
| 31 | 280434-301 | ASOCIACION ALCER                                                       | "ALCER ACOMPAÑA" A IMPORTANCIA DO APOIO PSICOSOCIAL NAS PERSOAS CON ENFERMIDADE RENAL CRÓNICA DO CONCELLO DE VIGO           | 22                      | 1.050,00             |

| Nº | EXPTE.     | NOME ENTIDADE                                                          | PROXECTO                                                                                           | PUNTA<br>CIÓN<br>OBTIDA | IMPORTE<br>CONCEDIDO |
|----|------------|------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------|----------------------|
| 25 | 280286-301 | ASOCIACION PLAN COMUNITARIO DE TEIS                                    | "GUINDASTRES"                                                                                      | 21                      | 1.955,14             |
| 58 | 280696-301 | ASOCIACION ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER                                   | MOITO POR GANAR: Modificación de hábitos e recuperación psicofísica                                | 21                      | 1.955,14             |
| 56 | 280689-301 | FUNDACION IGUAL ARTE                                                   | TALLER DE JOYERÍA PARA CHICOS CON DISCAPACIDAD 2025                                                | 20                      | 1.862,04             |
| 7  | 279384-301 | ASOCIACIÓN PARKINSON DE VIGO                                           | PARKINSON CANTA                                                                                    | 19                      | 1.768,94             |
| 34 | 280437-301 | ASOC GALLEGA DE AFECTADOS POR VIH/SIDA                                 | DESESTESARTE                                                                                       | 19                      | 1.768,94             |
| 51 | 280607-301 | ASOCIACION DE ATENCIÓN A LA PARÁLISIS CEREBRAL Y AFINES AMENCER-ASPACE | SERVIZO DE APOIO AS FAMILIAS DE PERSOAS CON PARALISIS CEREBRAL E OUTRAS PATALOGIAS                 | 19                      | 1.768,94             |
| 57 | 280692-301 | FUNDACION SANTA CRUZ                                                   | ESTIMULACIÓN COGNITIVA PARA LA INCLUSIÓN Y BIENESTAR                                               | 19                      | 1.768,94             |
| 23 | 280190-301 | ASOC DIAGNOSTICADOS DE CANCRO DE MAMA                                  | POLO MESMO CAMIÑO 4.0! PROGRAMA DE APOIO PSICOSOCIAL PARA PERSOAS DIAGNOSTICADAS DE CANCRO DE MAMA | 18                      | 1.674,08             |
| 1  | 278717-301 | ASOCIACION GALEGA DE FIBROSE QUISTICA                                  | PROGRAMA DE ATENCIÓN INTEGRAL PARA PERSOAS CON FIBROSE QUISTICA                                    | 17                      | 1.582,73             |
| 4  | 279196-301 | ASOCIACIÓN GALLEGA DE HEMOFILIA (AGADHEMO)                             | Proxecto Escolas de Aprendizaxe para familias de nenos con hemofilia do Concello de Vigo           | 17                      | 1.582,73             |
| 12 | 279505-301 | ASOCIACION DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR                               | PICO E CUDIA EN BEADE 2025                                                                         | 15                      | 1.396,53             |
| 48 | 280603-301 | ASOCIACION GALEGA DE LUPUS                                             | PROXECTO DE BENESTAR PARA AS PERSOAS CON LUPUS NO CONCELLO DE VIGO                                 | 15                      | 1.396,53             |

SEGUNDO: Desestimar as solicitudes de subvención ás entidades que a seguir se relacionan, por non ser conformes coas bases reguladoras aprobadas en Xunta de Goberno Local na súa sesión do 07.02.2025:

| Nº | EXPTE.     | NOME ENTIDADE                                                          | PROXECTO                                                                                                                                                   | PUNTA<br>CIÓN<br>OBTIDA | MOTIVO<br>DESESTIMACIÓN                                                         |
|----|------------|------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------|---------------------------------------------------------------------------------|
| 28 | 280418-301 | ASOCIACION DE NENAS NENOS E XENTE NOVA CON DIABETES DE GALICIA         | DIABETES TIPO VIGO 2025                                                                                                                                    | 3                       | BASE 3.4 .- Non acada puntuación mínima                                         |
| 38 | 280441-301 | PROVIVIENDA                                                            | SAÚDE: ACOMPAÑAMENTO PSICOLÓXICO A TRÁVÉS DE LA VIVIENDA                                                                                                   | 2                       | BASE 3.4 .- Non acada puntuación mínima                                         |
| 39 | 280480-301 | ASOC. TRASTO ESPECTRO AUTISTA VIGO TEAVI                               | SOY CAPAZ 2025                                                                                                                                             | 2                       | BASE 3.4 .- Non acada puntuación mínima                                         |
| 44 | 280502-301 | FUNDACION INGADA                                                       | Axentes de Cambio: Formación Integral para Mozos e Mozas con TDAH                                                                                          | 2                       | BASE 3.4 .- Non acada puntuación mínima                                         |
| 47 | 280601-301 | ASOCIACION CULTURAL GALICIA FIDDLE                                     | VIOLÍNS PARA A INCLUSIÓN                                                                                                                                   | 0                       | BASE 3.2 .- Non se encadra dentro dos servizos sociais                          |
| 50 | 280606-301 | ASOCIACION CULTURAL LAR DE SOPAS                                       | RECENDO A LAVANDA                                                                                                                                          | 0                       | BASE 3.2 .- Non se encadra dentro dos servizos sociais                          |
| 29 | 280421-301 | ASOC DE COLABORACION Y PROMOCION DEL SORDO (ACOPROS)                   | "INFORMACIÓN Y SENSIBILIZACIÓN SOBRE LA RELACIÓN ENTRE LA PÉRDIDA AUDITIVA Y DETERIORO COGNITIVO II"                                                       | 0                       | BASE 3.2 .- Proxecto con escasa relevancia ou repercusión                       |
| 46 | 280509-301 | ASOC VECINAL CULTURAL, DEPORTIVA E DE CONSUMIDORES E USUARIOS DE LAVAD | AVALIACIÓN DE NECESIDADES E SENSIBILIZACIÓN ARREDOR DOS SERVIZOS SOCIAIS NA ÁREA DE LAVADORES: A OLLADADOS MAIS NOVOS E AS FAMILIAS (CONVIVE EN LAVADORES) | 0                       | BASE 3.2 .- Proxecto con escasa relevancia ou repercusión                       |
| 52 | 280609-301 | CENTRO CULTURAL VECIÑAL E DEPORTIVO VIGO CENTRO                        | MÓVETE CON NÓS - Segunda edición                                                                                                                           | 0                       | BASE 3.2 .- Proxecto con escasa relevancia ou repercusión                       |
| 55 | 280688-301 | ASOC GALLEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS                                     | BENESTAR FAMILIAR: Construindo un futuro mellor                                                                                                            | 0                       | BASE 3.2 .- Proxecto con escasa relevancia ou repercusión                       |
| 3  | 279173-301 | ASOC ACCION SOLIDARIA GALICIA (ASDEGAL)                                | DARNOS VIGO -2025                                                                                                                                          | 0                       | BASE 3.3 .- Proxecto que xa está a executarse na Concellería de Política Social |
| 8  | 279387-301 | ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE SARDOMA O CARBALLO                     | "VIVIR EN ACTIVO E IGUALDADE 2025"                                                                                                                         | 0                       | BASE 3.3 .- Proxecto que xa está a executarse na Concellería de Política Social |
| 15 | 280051-301 | ASOC VECIÑAL SOCIO-CULTURAL E DEPORTIVA DE SAN MIGUEL DE OIA           | TALLER TEATRO PARA MAIORES                                                                                                                                 | 0                       | BASE 3.3 .- Proxecto que xa está a executarse na Concellería de Política Social |



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

| Nº | EXPTE.     | NOME ENTIDADE                                                            | PROXECTO                                                                       | PUNTUACIÓN OBTIDA | MOTIVO DESESTIMACIÓN                                                            |
|----|------------|--------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------|-------------------|---------------------------------------------------------------------------------|
| 30 | 280432-301 | ASOC GALLEGA DE JUGADORES ANONIMOS                                       | Prevención e educación en condutas aditivas en nenos de 6º de primaria en Vigo | 0                 | BASE 3.3 .- Proxecto que xa está a executarse na Concellería de Política Social |
| 37 | 280440-301 | FUNDACION CUME PARA EL DESARROLLO DE CULTURAS Y PUEBLOS                  | CUME-MELLORA DAS COMPETENCIAS DIXITAIS DAS PERSOAS MAIORES                     | 0                 | BASE 3.3 .- Proxecto que xa está a executarse na Concellería de Política Social |
| 41 | 280494-301 | FEDERACION DE ASOCIACIONES DE PERSOAS NOBIDAS DE GALICIA                 | Envellecemento Activo dirixido a persoas xordas na cidade de Vigo              | 0                 | BASE 3.3 .- Proxecto que xa está a executarse na Concellería de Política Social |
| 42 | 280496-301 | ASOC DA III IDADE NEVOX                                                  | "NA IDADE DE APRENDER A COMUNICARNOS DIXITALMENTE"                             | 0                 | BASE 3.3 .- Proxecto que xa está a executarse na Concellería de Política Social |
| 45 | 280506-301 | ASOC CULTURAL GALLEGA DE FORMACION PERMANENTE DE ADULTOS                 | MAIORES <u>CONNECTAD@S</u>                                                     | 0                 | BASE 3.3 .- Proxecto que xa está a executarse na Concellería de Política Social |
| 49 | 280605-301 | ASOC DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER Y OTRAS DEMENCIAS DE GALICIA | CULTIVA A MENTE E CORPO. PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE TERIORO COGNITIVO E FÍSICO  | 0                 | BASE 3.3 .- Proxecto que xa está a executarse na Concellería de Política Social |
| 18 | 280056-301 | ARNELA SOC COOP GALEGA                                                   | BENQUERER. PROGRAMA DE ACOMPAÑAMENTO EMOCIONAL E SOCIOEDUCATIVO GRATUITO       | 0                 | BASE 6.a) Non ter a forma xurídica dunha entidade ou fundación                  |

TERCEIRO: Publicar este acordo e os seus Anexos no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

CUARTO: Notificar o acordo a todas as entidades interesadas, con indicación de que contra o presente acordo poderá interpoñerse, potestativamente recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas notificacións».

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### 4(506).- SUBVENCIÓN Á ENTIDADE ORGANIZIA EVENTOGLOBAL S.L. EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO “CIRCUÍTO MAPFRE DE TENIS-PRAIA”. EXPTE. 24772/333.

Visto o informe xurídico do 20/05/2025 e o informe de fiscalización do 24/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 13/05/2025, asinado polo xefe do servizo de Deportes-director deportivo, e conformado polo concelleiro-delegado de

Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## **1.- ANTECEDENTES**

a.- Con data 07.05.25 a entidade Organizia Eventoglobal S.L solicitou, a través do rexistro xeral do Concello de Vigo (Doc.250106882) a solicitude de subvención pola organización na cidade de Vigo do **CIRCUÍTO MAPFRE DE TENIS PRAIA-LIGA MAPFRE DE TENIS PRAIA** por un importe de 14.500,00€.

b.- Documentación presentada pola entidade solicitante xunto á súa solicitude:

- Proxecto deportivo da Liga Nacional de Tenis Praia MAPFRE 2025 (tte. 7)
- Certificado de débedas coa AET, coa ATRIGA, coa Seguridade Social.
- Anexos I.1 (modelo solicitude), I.2 (certificado de competicións), I.3 (orçamento ingresos e gastos) e I.4 (declaración responsable) (tte. 4)
- Certificado da Federación Galega de Tenis dos dereitos da organización da competición (tte. 3)
- Certificado titularidade conta bancaria (tte. 3)
- NIF da entidade, DNI do representante e constitución da sociedade (tte. 3)

c.- Memoria xustificativa do outorgamento da subvención asinada pola xefatura do servizo municipal de Deportes.

## **2.- FUNDAMENTOS**

### **Primeiro.- Consideracións xerais**

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade impulsar proxectos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ó desenvolvemento dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a toda a cidadanía.

Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos.

Da mesma forma, a proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo entre outras cuestións, de acordo co establecido na liña adicada á dinamización de eventos de deporte urbano e fomento de actividades sociais no dito plan, a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acolledora de eventos deportivos como ferramenta de colaboración e apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística, crear un entorno de promoción do deporte vinculado ó espectáculo deportivo como ferramenta de ocio, colaborar co desenvolvemento de eventos e programas deportivos na cidade de Vigo, colaborar no desenvolvemento de programas e eventos de promoción deportiva, contribuír á promoción da cidade de Vigo, etc.

O evento obxecto da presente proposta contribúe ó cumprimento dos ditos obxectivos o que fundamenta a proposta de subvención.

Neste ámbito e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións de organismos nacionais ou internacionais cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

Esta competición servirá, entre outras cuestións para:

- Estimular o turismo na cidade, incrementando a demanda de aloxamentos.
- Promocionar a cidade de Vigo como cidade do deporte, colocándoa como referencia da modalidade.
- Posicionar a Vigo como lugar de interese no ámbito deportivo.
- Proxectar a imaxe da cidade a nivel internacional.
- Atraer inversións á cidade do ámbito deportivo.
- Servir de referencia para os e as xóvenes deportistas da cidade.
- Potenciar a marca Vigo como cidade do deporte.

O obxectivo desta actuación de fomento, responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

–Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.

- Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
- O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
- Dinamizar propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais novos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén con eventos deportivos visibles que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

A lexislación aplicable, para esta proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

A vixencia do convenio é pola organización do evento deportivo **“CIRCUÍTO MAPFRE DE TENIS PRAIA-LIGA MAPFRE DE TENIS PRAIA**, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a realización do evento deportivo e como máximo ata o 15 de Novembro de 2025.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

### 2. Xustificación do carácter excepcional da subvención

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social, o que xustifica que se conceda directamente, consonte co artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. A súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público: se trata dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional, que conta cunha ampla promoción da actividade deportiva na modalidade de tenis, e un alto nivel deportivo da competición, que atraerá á cidade ós e ás mellores deportistas da modalidade a nivel nacional.

O evento deportivo obxecto desta subvención consiste no desenvolvemento durante tres días (5, 6 e 7 de xullo) unha parte do circuíto nacional de tenis praia, xunto a outras cidades do noso país (Castellón, Xixón, Menorca, Melilla, etc...), pola Federación Española de Tenis.

O carácter excepcional que dificulta a convocatoria pública desta proposta de subvención ven determinado polo feito de que a entidade Organizia Eventoglobal S.L é a única entidade que dispón dos dereitos deportivos e os medios humanos, materiais e organizativos que se requiren para o desenvolvemento do **CIRCUÍTO MAPFRE DE TENIS PRAIA-LIGA MAPFRE DE TENIS PRAIA**. Nesta competición é a Federación nacional, titular única dos dereitos destes campionatos nacionais, a que decide, de entre as sedes que se postulan a organizar cada evento, a que entidade á que cede os dereitos de organización.

Neste caso, a entidade Organizia Eventoglobal S.L presentou a documentación que acredita a posesión dos dereitos de organización do **CIRCUÍTO MAPFRE DE TENIS PRAIA-LIGA MAPFRE DE TENIS PRAIA** na cidade de Vigo.

### 3. Xustificación do interese público, social, económico o humanitario, e outras (debidamente xustificadas) que dificultan a súa convocatoria pública

O desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

O evento, dada a súa importancia, garante unha ampla cobertura a nivel nacional grazas fundamentalmente a que é unha proba de ámbito nacional, e que é a competición de maior rango nacional e única en Galicia.

Estes datos identifican claramente a envergadura do evento que se vai desenvolver na cidade, cunha repercusión nacional moi relevante, coa presenza dos e das mellores deportistas nacionais, cunha asistencia de público esperado de gran volume, cuestións que se traducirán nun retorno moi importante para a cidade de Vigo no plano social, económico e de promoción.

Esta competición ademais de servir de escaparate para a cidade, ofrecendo a oportunidade de mostrar a capacidade de Vigo como sede de grandes competicións, impulsarán ó comercio local, promovendo obxectivos en liña cos obxectivos do Concello de Vigo neste ámbito.

Estas circunstancias configuran o evento como algo singular, co que non atopamos outro de iguais características, o que impide a convocatoria pública da subvención e xustifica a súa concesión directa.

Ante estes aspectos, considérase fundamentada a necesidade dun marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos de interese para a cidade de Vigo, e que motiva a proposta de tramitación dunha subvención orientada, entre outras cuestións, a favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

### **Terceiro.- Proposta**

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a proposta de resolución de concesión directa dunha subvención a favor da entidade Organizia Eventoglobal S.L CIF: B36915585 pola organización do **CIRCUÍTO MAPFRE DE TENIS PRAIA-LIGA MAPFRE DE TENIS PRAIA** na cidade de Vigo e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 14.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 3410.4700000, a favor da entidade entidade Organizia Eventoglobal S.L CIF: B36915585 e enderezo social na rúa Avda de Samil, 99,-2, en Vigo, segundo resulta da documentación presentada e vinculada co expediente do expediente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO COA ENTIDADE ORGANIZIA EVENTOGLOBAL S.L. EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO CIRCUÍTO MAPFRE DE TENIS PRAIA-LIGA MAPFRE DE TENIS PRAIA. EXPEDIENTE 24772-333.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

### REUNIDOS

Dunha parte, F. Javier Pardo Espiñeira . O segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. Javier Pardo Espiñeira (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024, BOP nº 134 do 10.07.24)

Doutra, Juan Carlos Andrés Costas, como representante legal de Organizia Eventoglobal S.L CIF: B.36915585 e enderezo social na Avda. Samil, 99-2, en Vigo, segundo resulta da documentación obrante no expediente 24772-333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

### MANIFESTAN

I.-O obxecto deste convenio é o desenvolvemento na cidade de Vigo do proxecto deportivo “**CIRCUÍTO MAPFRE DE TENIS PRAIA-LIGA MAPFRE DE TENIS PRAIA**” pola entidade Organizia Eventoglobal S.L que ostenta os dereitos de organización e representación en exclusiva do Evento deportivo, tal como acredita na documentación presentada no Concello de Vigo.

A entidade Organizia Eventoglobal S.L propón a celebración na cidade de Vigo do **CIRCUÍTO MAPFRE DE TENIS PRAIA-LIGA MAPFRE DE TENIS PRAIA** unha importante competición que converterá á cidade de Vigo, durante a súa celebración, nun centro de atención internacional do baloncesto.

II.-Que a entidade Organizia Eventoblobal S.L. organizará o **CIRCUÍTO MAPFRE DE TENIS PRAIA-LIGA MAPFRE DE TENIS PRAIA**, do xeito indicado no proxecto deportivo presentado.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Fomentar a ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais **MOZOS** teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles no seu entorno que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo dispón no seu vixente orzamento o crédito necesario para outorgar unha subvención a favor da entidade Organizia Eventoglobal S.L por importe de 14.500,00 €.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, os convenios a través dos que se canalicen as subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade coa propia

Lei, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar co financiamento do proxecto de organización e celebración na cidade de Vigo do evento deportivo **CIRCUÍTO MAPFRE DE TENIS PRAIA-LIGA MAPFRE DE TENIS PRAIA**.

**VI.-** Que a entidade Organizia Eventoglobal S.L. non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias (Estado e CCAA) e fronte á Seguridade Social, e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que figuran no expediente.

**VII.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e a entidade Organizia Eventoglobal S.L. materializan o seu interese acordan a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

### **PACTOS**

**Primeiro.-** A entidade Organizia Eventoglobal S.L. comprométese a organizar o **CIRCUÍTO MAPFRE DE TENIS PRAIA-LIGA MAPFRE DE TENIS PRAIA** na Cidade de Vigo asumindo a responsabilidade única na organización nas condicións detalladas no proxecto presentado e garantindo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin e cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto. As súas responsabilidades incluírán:

- 1º.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización do evento deportivo.
- 2º.-Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto contando coas homologacións e permisos necesarios.
- 3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.
- 4º.- Publicitar de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos deberán figurar o logotipo do Concello de Vigo, como colaborador do evento deportivo.
- 5º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.
- 6º.-Que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.
- 7º.- Invitar ó Concello de Vigo a participar de forma activa na entrega dos premios principais do evento deportivo e á presentación, clausura e demais actos institucionais vinculados co mesmo.
- 8º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan vinculadas co evento deportivo, con independencia dos patrocinios, deberá figurar nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo, e concretamente:
  - Nos actos de presentación, clausura e demais actos públicos.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

- Nas zonas centrais e de máxima visibilidade na zona de xogo, espazo deportivo ou nos arcos de saída ou chegada se os houbera.
- Na páxina principal da WEB da entidade e do evento deportivo, así como en todas as comunicacións oficiais, documentación, entradas (se as houbera), lonas de publicidade ou carteis promocionais.

9º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc... , e entregala ó Concello de Vigo no prazo de 45 días dende a finalización do evento deportivo.

10º.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción do **CIRCUÍTO MAPFRE DE TENIS PRAIA-LIGA MAPFRE DE TENIS PRAIA** (revista, web, etc).

2º.- Conceder directamente á Organizia Eventoglobal S.L unha subvención por importe de 14.500,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4700000 e a súa bolsa de vinculación do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas coa organización do evento deportivo **CIRCUÍTO MAPFRE DE TENIS PRAIA-LIGA MAPFRE DE TENIS PRAIA**. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo e ata o 15 de novembro de 2025.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2025 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.
- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.,) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as achegas económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.
- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo **CIRCUÍTO MAPFRE DE TENIS PRAIA-LIGA MAPFRE DE TENIS PRAIA**.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de

Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV, capítulo I, e arts 59, 65, 67, 68 y 69 do capítulo II da LXS e Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de novembro de 2025 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada que os seus datos e os da súa representante serán incorporados aos ficheiros municipais.

A finalidade da súa recollida é a instrución e tramitación do procedemento de concesión desta subvención así como o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa de aplicación, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto polo Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento e do Consello de 27 de abril de 2016 e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerase polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

**Décimo sétimo.-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Décimo oitava.-** O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan plantexar.

**Décimo novena.-** En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio.

**Vixésima.-** En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses. A súa modificación requirirá acordo unánime das partes asinantes.

**Vixésima primeira.-** A resolución o acordo de concesión se poderá modificar, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos de subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

**Vixésima segunda.-** En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
  - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
  - b) O acordo unánime dos asinantes.
  - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
  - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
  - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

**5(507).- SUBVENCIÓN Á ENTIDADE CLUB DE PÁDEL DE BARREIRO EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO “TORNEO DE PÁDEL CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 24792/333.**

Visto o informe xurídico do 05/06/2025 e o informe de fiscalización do 26/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 04/06/2025, asinado polo xefe do servizo de Deportes-director deportivo, e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**1.- ANTECEDENTES**

1.1.- Con data 15.05.2025, José Iván Millán Faro, en n/r da entidade Club de Pádel Barreiro, solicitou ó Concello de Vigo unha subvención para a organización e desenvolvemento na cidade de Vigo do proxecto TROFEO DE PÁDEL CONCELLO DE VIGO

1.2.- A solicitude de subvención inclúe un orzamento equilibrado de ingresos-gastos por un importe total de 85.500,00€.

1.3.- Xunto a dita solicitude, a entidade interesada presenta a seguinte documentación:

- Proxecto deportivo do Evento.
- Anexos I.1 (modelo solicitude), I.2 (Orzamento equilibrado de ingresos-gastos) e I.3 (declaración responsable).
- Certificado de ausencia de débedas coa ATRIGA.
- Autorización para consultar o estado de débedas da entidade coa AEAT, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.
- Certificado titularidade conta bancaria.
- CIF da entidade, DNI do representante legal e estatutos da entidade.
- Certificado de composición da Xunta directiva.

**2.- FUNDAMENTOS**

Primeiro.- Consideracións xerais

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade converterse en acolledora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

Neste caso o evento é un dos eventos máis relevantes na Comunidade Galega no ámbito do pádel, tendo en conta non só o nivel competitivo, senón o nivel de impacto social do mesmo, xa que se trata do evento da modalidade máis destacado a nivel participativo, cunha participación prevista de máis de 1.000 deportistas e máis de 800 partidos, o que suporía un récord internacional de participación.

A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”.

Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento dunha liña de apoio ó desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo, dinamizados por diferentes entidades, e á promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.

Neste ámbito, e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións dos organismos nacionais ou internacionais que ostentan os dereitos das competicións e cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

A subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido no dito plan (Liña 4-.Fomento actividades sociais-4.5-.Dinamización de eventos deportivos) a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acolledora de eventos deportivos como ferramenta de colaboración e apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística creando un entorno de promoción do deporte vinculado ó espectáculo deportivo como ferramenta de ocio.

**Segundo.- O carácter excepcional da subvención.**

O carácter excepcional que dificulta a convocatoria pública desta proposta de subvención ven determinado pola singularidade e envergadura do proxecto ao tratarse dunha proposta que excede calquera evento da modalidade celebrado ou previsto na cidade.

Non é posible atopar eventos comparables na cidade de Vigo, e incluso a nivel nacional, dada a súa envergadura, que podan igualar o seu nivel deportivo e o seu impacto social e deportivo na cidade de Vigo.

Dita relevancia deportiva e social queda avalada en primeiro lugar polo volume de participantes, xa que non existe na actualidade ningunha oferta na modalidade similar, tendo en edicións anteriores a participación de case 1.050 deportistas tanto de categoría de base

como absoluta. Esta cifra é moi relevante, e converte ó evento nun espectáculo deportivo de gran espectacularidade.

Nas anteriores edicións, o evento acolleu participantes de toda Galicia e Norte de Portugal tal como detalla a entidade solicitante no proxecto presentado.

A especialización e a excelencia alcanzadas polo evento o colocan nunha categoría única e destacada na modalidade, outorgándolle un nivel óptimo de acollida na cidade e garante un nivel competitivo e espectáculo que supera calquera outro do noso entorno.

A entidade organizadora ven organizando o evento dende 2012, o que lle confire o status de clásico e arraigado no calendario anual da comunidade Galega.

Terceiro.- **O** interese público, social, económico o humanitario do proxecto a subvencionar e imposibilidade de convocatoria pública.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión a nivel Galego e incluso nacional, que conte cunha ampla promoción da actividade deportiva e o alto nivel deportivo da competición, que atraerá á cidade a grandes deportistas da modalidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social, tendo en conta ademais a intención de superar o rédord do mundo de participación, alcanzando os 1.050 deportistas.

A singularidade e relevancia do evento atraerá a participación de 1.000 deportistas de todo o territorio nacional, o que permite colocar a Vigo como polo de atención durante a súa celebración.

Por outra banda, esta subvención tamén queda xustificada no interese económico e social municipal que presenta o evento para esta cidade.

O Torneo Cidade de Vigo de Pádel ten non só un impacto deportivo e cultural da máxima relevancia. Ademais, atrae un número relevante de visitantes, xerando un importante fluxo de ingresos para a hostalaría, o comercio local, outros sectores relacionados e, en definitiva, para a cidade, constituíndose nun motor económico de impulso para o turismo, o comercio local, a creación de emprego e a promoción da imaxe da cidade.

A traxectoria e relevancia do evento o sitúa como un referente dos deportes de de raqueta.

Estes datos identifican claramente a importancia do evento que se vai desenvolver na cidade, cunha repercusión relevante, coa presenza de deportistas de todo o país e Norte de Portugal e cunha asistencia de público destacada.

Este evento ademais de servir de escaparate para a cidade, ofrecendo a oportunidade de mostrar a capacidade de Vigo como sede de grandes competicións, impulsará ó comercio local, promovendo obxectivos en liña cos obxectivos do Concello de Vigo neste ámbito.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

As características propias do evento imposibilitan a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa, fundamentada, ademais, nos seguintes argumentos:

- Promoción do deporte vigués, favorecendo a consolidación de Vigo como “Cidade acolledora de grandes eventos deportivos”.
- Fomento de proxectos que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:
  - Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
  - Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
  - O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
  - Dinamización de propostas de interese para a cidadanía.
  - Creación de pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos para os e as deportistas vigueses mais mozos.
  - Celebración de grandes competicións deportivas que potencien a práctica deportiva entre os deportistas vigueses e as deportistas viguesas.
  - Promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, a proposta exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

En conclusión, e en relación co anteriormente exposto, considérase acreditado que a celebración deste evento deportivo ten un claro carácter de interese público e social para a cidade de Vigo, quedando xustificado ademais o seu carácter excepcional, o que fundamenta a proposta de tramitación dunha subvención. Ademais, consonte co artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, a subvención canalizarase a través dunha resolución cuxo texto se someterá á aprobación por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

## PROPOSTA

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Aprobar a concesión dunha subvención por importe de 10.000,00€ a favor da entidade Club de Pádel Barreiro (CIF G27807122) para a realización do evento deportivo “TORNEO DE PÁDEL CONCELLO DE VIGO” de acordo coas condicións e compromisos que se detallan no texto anexo no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 10.000,00€ para subvencionar a edición do ano 2025 do evento TORNEO DE PÁDEL CONCELLO DE VIGO a favor da entidade Club de Pádel Barreiro (CIF G.G27807122), segundo resulta da documentación do expediente nº 24792-333. Este crédito aplicarase con cargo á aplicación orzamentaria 3410.4890001 do orzamento xeral vixente da Concellería de Deportes.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ANEXO**

#### **CONDICIÓN E COMPROMISOS VINCULADOS COA PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE CLUB DE PÁDEL BARREIRO EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO PROXECTO DEPORTIVO “TORNEO DE PÁDEL CONCELLO DE VIGO” (Expte. 24792-333).**

I.- O obxecto desta resolución é regular o outorgamento da subvención polo desenvolvemento do proxecto de organización do proxecto deportivo TORNEO DE PÁDEL CONCELLO DE VIGO.

II.- O Concello de Vigo ten interese en potenciar a oferta deportiva que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as manifestacións da cultura e deporte. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta deportiva diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores deportivos.

III.- Esta resolución incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que persegue.

IV.- O carácter deportivo e cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.l e 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

V. A entidade Club de Pádel Barreiro non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 24792-333.

En base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo que para a cidade de Vigo representa a celebración na cidade de Vigo do evento deportivo Torneo de Pádel Concello de Vigo, se establecen os seguintes compromisos:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

### COMPROMISOS

**Primeiro.-** A entidade Club de Pádel Barreiro deberá:

- 1º.- Organizar o evento deportivo Torneo de Pádel Concello de Vigo nas condicións detalladas na memoria presentada pola entidade e que acompaña ó expediente.
- 2º.- Asumir todos os gastos que se deriven do desenvolvemento do proxecto.
- 3º.- Garantir as condicións necesarias co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.
- 4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades
- 5º.- Dar axeitada publicidade ao financiamento municipal.
- 6º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc... , e entregala ó Concello de Vigo xunto coa xustificación.
- 7º.- En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.
- 8º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder á entidade Club de Pádel Barreiro unha subvención pola organización do Torneo de Pádel Concello de Vigo por importe de 10.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.4890001 do orzamento en vigor da Concellería de deportes mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento do proxecto.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos na presente resolución.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada de conformidade co indicado no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

**Sexto.-** A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Sétimo.- A beneficiaria terá de prazo ata o 15 de novembro de 2025 para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a entidade beneficiaria está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A teor do disposto no artigo 81 do Regulamento da Lei 38/2003, establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

- a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas na presente resolución, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.
- b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se achen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel. As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto desta subvención. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturacións cumpriran os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan á natureza da actividade subvencionada.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe da subvención.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizárase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

**Décimo.-** A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación, será comprobada pola área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. O persoal técnico do Servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** A presente resolución terá vixencia dende a súa sinatura ata o 15 de novembro de 2025 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación e non será prorrogábel.

**Décimo cuarto.-** A área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación desta resolución, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

**Décimo quinto.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire esta resolución e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Décimo sexto.-** A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude. A beneficiaria pode-



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

rá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sétimo.-** En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

**Décimo oitavo.-** A concesión da subvención obxecto da presente resolución rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen nesta resolución; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

### **6(508).- PROXECTO DE CONVENIO COA FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS DE VIGO E COMARCA (FOANPA) PARA O ANO 2025. EXPTE. 99000/332.**

Visto o informe de fiscalización do 26/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/06/2025, asinado polo técnico do servizo de Educación, e conformado pola concelleira-delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

A Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos/as de Vigo e Comarca (FOANPAS) achegou con data de **30 de maio de 2025 a través do Rexistro electrónico do Concello (Código Solicitude W1308321-2135 e n.º de doc. 250125234)** unha solicitude para proceder á tramitación do convenio 2025 entre o Concello de Vigo e a FOANPA, para coadxuvar o financiamento dos seus gastos de funcionamento e xestión, contribuír ao financiamento da realización de actividades extraescolares e á prestación do servizo de comedores das ANPAs dos centros públicos de ensino infantil e primario pertencentes a esta Federación no ano 2025.

A esta solicitude achégase a seguinte documentación:

- Estatutos Foanpas.

- Tarxeta de Identificación Fiscal.
- Anexo I de realización de Actividades Extraescolares e Taller Matinal.
- Anexo II co informe e memoria económica.
- Declaración xurada de que FOANPAS é unha entidade sen ánimo de lucro.
- Declaración xurada onde a presidenta declara que ten capacidade xurídica para contratar coa Administración Pública (Concello de Vigo) e que non ten ningunha incompatibilidade para contratar segundo a Lei 30/2007 de 30 de Outubro.
- Declaración da presidenta de que FOANPAS non está incurso en ningunha prohibición para ser beneficiaria das subvencións pola Lei galega 9/2007 de subvencións de Galicia, do 13 de xuño.
- Certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) expedido en data 26/05/2025.
- Certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 26/05/2025.
- Certificación acreditativa de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social expedido en data 26/05/2025.
- Declaración xurada da presidenta de que FOANPAS non ten débedas coa Consellería de Facenda, Axencia Tributaria de Facenda, Tesorería da Seguridade Social e o Concello de Vigo.
- Certificado da conta bancaria de FOANPAS.
- Declaración da presidenta de FOANPAS xustificando as axudas e subvencións solicitadas e/ou concedidas neste ano 2025.
- Certificado do Concello de Vigo co número de rexistro de FOANPAS no Rexistro Municipal de Asociacións.
- Certificado do Secretario da Federación coa relación dos membros da Xunta Directiva aprobados en asemblea.

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas( LPAC).
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG).
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

- Real Decreto 887/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e regulamento de desenvolvemento.
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).
- Bases de execución do Orzamento Xeral da Corporación para o ano 2025.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**1.- Obxecto:** O presente expediente ten por obxecto a aprobación dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a FOANPAS para mellorar e complementar servizos escolares, culturais e deportivos, tales como a prestación do servizo de comedor como necesidade vital de primeira orde nun intre no que motivado polo complicado contexto socio-económico, os altos niveis de inflación e crise dos mercados que provoca a xeneralizada alza dos prezos e da bolsa da compra; moitas familias se empobrecen polo que resulta básico acceder á promoción dunha alimentación sana e equilibrada e á adquisición duns hábitos nutricionais saudábeis; e por outra banda tamén resulta primordial acceder á realización de actividades extraescolares de distintas disciplinas formativas fóra do horario lectivo e no tempo libre dos escolares nas que se promoven o exercizo físico e a práctica regular de actividade deportiva, así como en xeral a mellora da formación cultural dos escolares e das familias no seu conxunto.

**2.- Procedemento de concesión directa:** Respecto da concesión de subvención o artigo 22.2 da LXS determina a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións previstas nominativamente no presuposto, e con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico o humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

A cantidade de **642.405,31** euros está prevista nominativamente no vixente orzamento municipal, concretamente na aplicación orzamentaria 3260.489.0001 "Convenio Foanpa" (art. 22.2.a LXS).

A previsión da subvención como nominativa nos orzamentos municipais implica que se seguiu o procedemento de tramitación e aprobación dos orzamentos previsto nos artigos 168 e 169 do TRLRFL (de carácter público e deliberativo no Pleno municipal) e que os ditos fondos públicos están destinados a un beneficiario concreto e afectados a un propósito, finalidade ou actividade específica.

Este financiamento municipal para a prestación do servizo de comedor é complementario coas "axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor" que promove anualmente a Concellería de Política Social a través das

bases reguladoras e convocatoria específica (publicada BOPPO nº 42 do 03-03-2025) para a concesión de axudas municipais para libros, material escolar e comedor, para alumnado de centros docentes públicos e privados-concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo – Curso 2025

A ausencia de convocatoria pública e/ou concorrencia vén motivada porque a FOANPAS é a única federación de ANPAs públicas legalmente constituída na nosa cidade, e polo tanto con capacidade lexítima para asumir a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión da referida subvención.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio a través do cal se canalicen estas subvencións establecerá as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na lei.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O interese público, social e educativo, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa que consta no expediente, documento obrigado segundo sinala o artigo 50 da Lei 40/2015 e o artigo 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei en atención á singularidade da entidade beneficiaria.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o 31 de decembro de 2025, sendo gastos subvencionables aqueles que, segundo o artigo 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

**3.- Competencia:** A normativa de réxime local (Art. 25.1 da Lei 7/1985 e artigos 80.1 e 80.2 n) e ñ) da Lei de Galicia 5/1997), recollen que os municipios para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e dispoñen que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, en aspectos culturais e relacionados coa ensinanza.

Na redacción contida na Lei 7/1985, dispónse como competencias municipais propias, entre outras, que exercerán as administracións locais nas distintas materias as seguintes:

- 25.2.e) Atención a persoas en situación de necesidade social ou risco de exclusión social.
- 25.2.j) Protección da salubridade pública.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

–25.2.l) Promoción do deporte e de ocupación do tempo libre.

–25.2.m) Promoción da cultura.

Igualmente na reforma lexislativa introducida pola Lei 27/2013 LRSAL en vigor desde o 31/12/2013, recóllese un marco normativo temporal na súa Disposición adicional decimoquinta respecto á “asunción polas Comunidades Autónomas das competencias relativas á educación”, que estará condicionada polo establecemento das normas reguladoras do novo sistema de financiamento autonómico e de facendas locais, e que contemplará a normativa específica para o correspondente traspaso de medios económicos, materiais e persoais”.

A Lei de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 LRSAL, publicada no DOGA o día 30/05/2014, que entrou en vigor segundo a Disposición adicional derradeira segunda o 31 de maio de 2014, establece na súa Disposición adicional primeira que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013 LRSAL, continuarán exercéndooas elas, rexéndose pola indicada lexislación, ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais.

A participación dos diversos axentes que conforman a actividade educativa é un dereito e un deber cidadán que o Concello de Vigo, en orde ás competencias que lle son propias, articula a través da subscrición dun convenio de colaboración coa FOANPAS, que é a federación das ANPAS implantadas nos centros públicos de ensino de Vigo de responsabilidade municipal.

Respecto do servizo de comedores, cómpre ter en conta as previsións recollidas no Decreto 132/2013 do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia educativa; que regula no artigo 2.1 que as asociacións de nais e pais de alumnos e as súas federacións poden xestionar os comedores escolares e no seu artigo 10.1 inclúe entre os recursos para financiar os comedores escolares, achegas en forma de axudas recibidas doutros organismos públicos.

Igualmente, a Lei 38/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia, e a aquelas familias valoradas de especial consideración se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos e cultural. O artigo 8 desta Lei atribúe tamén competencias aos municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

Porén, toda vez que entre os obxectivos da FOANPAS están os que son obxecto deste convenio, óptase por subscibir este convenio de colaboración con esta entidade, no que se definen as recíprocas prestacións de ambas as dúas partes que, no que se refire ao Concello, son principalmente de carácter económico e concréntanse, fundamentalmente, na concesión a dita entidade dunha cantidade de diñeiro co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de funcionamento e

xestión da FOANPAS e contribuír ao financiamento das actividades extraescolares e á prestación do servizo de comedores das ANPAs de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación, no ano 2025.

O proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a FOANPAS supón unha actividade de continuidade na sinatura do mesmo, xa que leva desenvolvéndose de xeito ininterrompido en exercicios anteriores dende hai máis de vinte anos, para atender as tarefas anteriormente expostas, **e dita entidade ten presentado a través do rexistro electrónico municipal co código de solicitude W1308321-2135 en data 30/05/2025 e co nº de doc. 250125234** a documentación necesaria e que se adxunta ao presente expediente, para iniciar a tramitación do convenio correspondente ao ano actual.

Recóllese no pacto segundo da proposta de convenio un pago anticipado a favor da FOANPAS con carácter previo á xustificación, que vén motivado pola necesidade desta entidade de dispor de liquidez económica para atender e axustarse ao ritmo de execución das actividades subvencionadas: Coadxugar no financiamento dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPAS, contribuír ao financiamento das actividades extraescolares e á prestación do servizo de comedor das ANPAs de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación no ano 2025. Non se considera necesario por parte deste Servizo Municipal de Educación, explicitar e fixar no convenio proposto ningún réxime de garantías dos fondos anticipados entregados, en virtude dos antecedentes satisfactorios e frutuosos dunha colaboración consolidada que veñen mantendo dende fai tempo o Concello de Vigo a través do Servizo de Educación coa FOANPAS. Esta última vén actuando con acreditada solvencia, como recoñecida interlocutora co Concello da meirande parte das ANPAs dos centros de ensino público legalmente constituídas que están integradas na Federación e a vontade de colaboración tamén queda constatada coa cesión dun local municipal na antigas instalacións da Escola de Educación Infantil “O Nogal” (rúa Nogal, n.º 8) que lle permita á FOANPAS un axeitado desenvolvemento das súas funcións.

Para comprobar a adecuada xustificación da subvención, a óptima realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da mesma, ademais da obrigada presentación por parte da FOANPAS dunha memoria final das actividades desenvolvidas no marco do convenio, o Pacto duodécimo contempla a necesaria emisión dun informe técnico ao respecto. Por iso, xunto a cada unha das contas xustificativas que presente a FOANPAS, o Servizo Municipal de Educación, ao tramitar o pago, deberá incorporar o correspondente informe técnico coa conformidade cos xustificantes achegados e polo tanto a procedencia do seu pago.

**4.- Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica coa que actúan:** Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao Concelleiro Delegado de Educación.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

Pola outra parte, asinará o convenio dona Iria Salvande Lorenzo, como presidenta da Federación Olívica das Asociación de Nais e Pai de Alumnos de Vigo e Comarca (FOANPAS).

**5.- Tramitación electrónica:** En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a entidade está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

**6.- Publicidade:** O convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS (Resolución 15/xuño/2020 publicada no BOE nº 175 o mércores 24/xuño/2020) no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

**7.- Recursos:** De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985 e 210.a) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 142 da Lei 39/2015, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Á vista do exposto, coa conformidade da concelleira delegada de Educación, da concelleira da Área de Goberno de Educación e do concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, e previa fiscalización da Intervención xeral, de conformidade co artigo 127.1. g) da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO:

1º.- Aprobar o texto do **proxecto de Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca (FOANPAS) para o ano 2025**, que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para contribuír ao financiamento dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPAS, do desenvolvemento das actividades extraescolares e da prestación do servizo de comedores das ANPAS de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación durante o ano 2025.

2º.- Autorizar o gasto de **642.405,31 euros (SEISCENTOS CORENTA E DOUS MIL CATROCENTOS CINCO EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS)** a favor da Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca FOANPAS (CIF: G-36.743.946), como contrapartida do estipulado no presente convenio con cargo á aplicación orzamentaria **3260.489.0001** (Convenio FOANPA) que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo para o ano 2025.

3º.- Facultar á concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística, Dña. Elena Espinosa Mangana, para asinar o citado convenio para o caso de ser necesaria a substitución do Alcalde-Presidente.

4º.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS DE VIGO E COMARCA (FOANPAS) PARA O ANO 2025**

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de dous mil vinte e cinco

### **REUNIDOS**

*Dunha parte, Don Abel Ramón Caballero Álvarez, Alcalde Presidente do Concello de Vigo, en representación deste, de acordo co disposto no art. 124.4.a, da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local.*

*Doutra, Dona Iria Salvande Lorenzo, como presidenta da Federación Olívica das Asociación de Nais e Pai de Alumnos de Vigo e Comarca (FOANPA), CIF nº G-36743946, e enderezo social en Vigo, Rúa da Nogueira nº 8, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación deste expediente núm. **99000/332**.*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

### **MANIFESTAN**

*I.- Que a entidade Federación Olívica das ANPAs de Vigo e Comarca (FOANPAS) define estatutariamente como fins e obxectivos fundamentais que lle corresponden, a loita por un ensino público gratuíto e da máxima calidade. Propón como liñas de traballo a formación integral das ANPAs federadas, a presenza e participación en todos os órganos que teñan relación co ensino público e coa oferta de servizos que supoñan unha participación activa dos pais e nais e como movemento asociativo de forte presenza social. A Federación Olívica de ANPAs de Vigo e Comarca respecta a autonomía de cada ANPA no ámbito das súas competencias.*

*Para posibilitar a participación real das ANPAs é necesario dotalas de instrumentos que lles permitan intervir activamente na vida escolar, como usuarios e usuarias directos/as da educación. Polo que se regularán neste convenio a subvención dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPAS e, por outra banda, a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores das ANPAs de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación.*

*II.- Que o Concello de Vigo pretende consolidar e ampliar mediante este convenio o proxecto de participación activa de todos os axentes involucrados no eido educativo, cultural e deportivo, na procura dunha mellor calidade da ensinanza comezado por este Concello en anos anteriores.*

*A Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e as Leis Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) e Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), contemplan a necesaria participación, colaboración e coordinación das actuacións no ámbito das súas competencias, das administracións educativas e as Corporacións Locais para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e na mellor consecución dos obxectivos educativos. A Lei Orgánica de Educación (LOE) 2/2006, do 3 de maio, contempla no seu Título Preliminar, Capítulo I, Artigo 1 que un dos principios que inspira o sistema educativo actual é a necesidade dun esforzo compartido, cooperación e colaboración das familias e as corporacións locais; e incide na Disposición final primeira na necesaria participación dos pais e nais no proceso ensinanza-aprendizaxe e na vida do centro educativo dos seus fillos e fillas. A Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) 8/2013, do 9 de decembro, contempla no seu Preámbulo e Artigo 1 hbis) a necesidade de que toda a sociedade civil e moi particularmente as familias e a cooperación entre as administracións asuman un papel activo na transformación do sistema educativo e igualmente salienta o recoñecemento do papel que corresponde aos pais, nais e titores legais como primeiros responsables da educación dos seus fillos. A Lei Orgánica para a Modificación da Lei Orgánica da Educación (LOMLOE) tamén*

reivindica o papel activo e implicación das familias, fomentando a obrigatoriedade das familias de respectar a todos os compoñentes da comunidade educativa, ademáis de participar de forma cooperativa naqueles proxectos educativos e tarefas que se lles propoñan dende o centro educativo, sobremaneira aquelas actividades que involucren ás familias en temas de igualdade, violencia de xénero ou diversidade cultural.

Polo tanto, as distintas leis educativas como a LOE, a LOMCE e a LOMLOE consideran a educación como o medio máis axeitado para garantir o exercicio da cidadanía democrática, salientando o papel das familias como primeiro axente educativo dos/das nenos/as. Igualmente neste marco legal educativo recóllense esta necesidade e recomendación do papel activo e implicación das familias, propiciando a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia, dentro dos principios democráticos de convivencia e o fomento da participación de nais e pais na vida do centro educativo.

Cómpre por iso a máxima colaboración entre o Concello de Vigo e as Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (ANPAS) para acadar o desenvolvemento dos programas definidos e aqueles que poidan xurdir no ámbito da formación, información e desenvolvemento destas organizacións. Esta colaboración ten como obxectivo primeiro achegar a xestión pública aos intereses dos cidadáns e das cidadás.

**III.-** Que o Concello de Vigo recoñece á Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPAS) como representante, neste intre, das ANPAS dos centros de ensino público de Educación Infantil, Educación Primaria, ESO, ESPO e Formación Profesional Específica de Vigo, e como canalizador das propostas das ANPAS nas competencias que lle correspondan ao concello neste ámbito.

**IV.-** Que o Concello de Vigo no seu orzamento para o ano 2025, na súa partida 3260.489.0001 (convenio FOANPA), prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de **642.405,31 euros** a favor da Federación Olívica das ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPAS). O financiamento municipal correspondente á prestación do servizo de comedor é complementario coas “axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor” que promove anualmente a Concellería de Política Social a través das bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de axudas municipais para libros, material escolar e comedor, para alumnado de centros docentes públicos e privados-concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo – Curso 2025/2026.

**V.-** Que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente. Así as cousas, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar ao financiamento dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPAS e contribuír ao financiamento das actividades extraescolares, accións formativas de nais e pais por parte das ANPAS e á prestación do servizo de



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

*comedores das ANPAs de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación no ano 2025.*

**VI.-** *Que a entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran neste expediente núm. 99000/332.*

*Que en base ás precedentes consideracións e ao interese educativo e social que para a comunidade educativa da cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPAS), o Concello de Vigo e a FOANPAS conveñen a súa colaboración na concesión da referida subvención en base aos seguintes:*

### PACTOS

**Primeiro.-** *A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPAS) comprométese a colaborar co Concello de Vigo e cos órganos que este ten creados para o desenvolvemento da súa acción educativa, cultural e deportiva.*

*Sen prexuízo desta participación, a Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPAS) e a Concellería de Educación manterán reunións periódicas, a fin de posibilitar un coñecemento máis global das actuacións que está a levar o Concello en materia educativa, cultural e deportiva e das inquiredanzas e propostas destes colectivos.*

*O órgano de consulta e participación dos distintos membros da comunidade escolar no Concello de Vigo é o CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO (CEMV), do que a Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPAS) forma parte coa representación que lle corresponde, en función do número de ANPAS dos centros de ensino público de Vigo que representa.*

*A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPAS) como beneficiaria da subvención comprométese a cumprir as seguintes obrigas:*

- 1.- Afrontar as tarefas de funcionamento, coordinación e xestión dos programas propios da Federación.*
- 2.- Desenvolver actividades formativas para nais e pais, na liña das actividades clásicas das Escolas de Pais e Nais.*
- 3.- Organizar e regular a realización de actividades extraescolares das ANPAS de ensino infantil e primario federadas na FOANPAS.*

4.- Acreditar e xustificar as actividades realizadas mediante a certificación e documentación correspondente ante a Concellería de Educación do Concello de Vigo, que servirán de base a éste para tramitar os pagos.

5.- Entregar á Concellería de Educación do Concello de Vigo, a programación educativa, cultural e deportiva, prevista desenvolver ao longo da anualidade de vixencia do convenio.

6.- Promover e xestionar os comedores escolares e presentar a xustificación dos gastos habidos ante o Concello de Vigo.

7.- Presentar unha memoria final das actividades desenvolvidas no marco do presente convenio, para posibilitar o seu control e avaliación efectiva do seu desenvolvemento.

8.- En xeral cumprir, como beneficiaria da subvención, coas obrigas consignadas para éstas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1.- Conceder directamente á entidade Federación Olívica das ANPAs de Vigo e Comarca (FOANPAS), unha subvención por importe de **642.405,31 euros (SEISCENTOS COARENTA E DOUS MIL CATROCENTOS CINCO EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS)** pagadeiros en tres prazos, para atender e axustarse ao ritmo de execución das actividades subvencionadas:

- **PRIMEIRO PAGO:** anticipado por importe de **200.000,00 euros** tras a sinatura do convenio.

- **SEGUNDO PAGO:** por importe de **221.202,65 euros** antes do 30 de setembro.

- **TERCEIRO PAGO:** por importe de **221.202,66 euros**, tras a presentación da conta xustificativa final e segundo o recollido no Pacto 5, a favor da **Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca**, para facer fronte ás responsabilidades de xestión na prestación do servizo de comedores, actividades extraescolares e formación de ANPAS e dos gastos de xestión propios da Federación, segundo se explica no anexo II.

2.- O Concello de Vigo realizará as actuacións necesarias para a posta á disposición da Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPAS) dun espazo dunha superficie aproximada de 90 metros cadrados, sito na antiga Escola Infantil Municipal “O Nogal” (rúa Nogal n.º 8), que lle permita un adecuado desenvolvemento das súas funcións e a realización das tarefas propias da Federación. A utilización deste local realizase en precario e o Concello de Vigo poderá recuperalo en calquera momento sempre que o interese público o requira, polo que se adecúa ao previsto no Real Decreto 1372/1986 do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A FOANPAS deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

**Cuarto.-** A FOANPAS xestionará a concesión das subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e á prestación do servizo da rede de comedores escolares adscritos, para promover e facilitar a participación de pais e nais en cada escola, mediante o apoio ás iniciativas educativas da ANPA de cada centro, e para mellorar a calidade do ensino dos centros públicos de Vigo.

Será de obrigado cumprimento a lexislación e normativa vixente en materia de comedores escolares, manipulación de alimentos, normas hixiénico-sanitarias, ou calquera outra que lle sexa de aplicación ou puidera selo durante o desenvolvemento das actividades financiadas no marco do presente convenio.

A FOANPAS e ANPAS asociadas no que respecta á contratación dos/as monitores/as necesarios/as para o desenvolvemento das actividades subvencionadas, deberán ter en conta a normativa legal vixente de protección xurídica do menor, que obriga a achegar certificación negativa do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais en todas aquelas actividades que impliquen contacto habitual con menores.

Os medios e a forma de desenvolvemento destas actividades son de plena responsabilidade da FOANPAS, reservándose o Concello o control da calidade e eficacia.

**Quinto.-** O primeiro pago anticipado que se prevé neste convenio determina a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, e para a tramitación do mesmo a FOANPAS deberá achegar previamente a correspondente declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións ou circunstancias recollidas no artigo 34 da Lei xeral de subvencións. Igualmente será necesaria para a tramitación do segundo e terceiro e último abonos á conta, a presentación da

conta xustificativa do primeiro e segundo pago, respectivamente, nos termos que de seguido se dirán para a conta xustificativa final.

A beneficiaria, para a tramitación do terceiro pago, sempre dentro do exercicio económico no que se lle concede a axuda (de conformidade coas bases de execución do orzamento municipal), deberá presentar a conta xustificativa final na que deberán constar: a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes da totalidade dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa final deberá incluír unha relación de todos os xustificantes dos gastos incorridos coas remisións pertinentes aos xustificantes de pago e demais documentación orixinal xa achegada con ocasión da xustificación dos pagos anticipados.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 3.186.865,00 euros (101.500,00 euros dos gastos anuais de xestión da FOANPAS, 554.100,00 euros dos gastos das actividades extraescolares e obradoiros matinais e 2.531.265,00 euros dos gastos de comedores escolares).

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

**Sexto.-** En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a Asociación Olívica de Nais e Pais de Vigo e comarca (FOANPAS) está obrigada a relacionarse electronicamente co Concello de Vigo, polo que para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poderán consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

**Sétimo.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Oitavo.-** No desenvolvemento das actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores subvencionados utilizarase o galego como medio de expresión e comunicación. Prestarase especial atención á publicidade das actividades subvencionadas, que deberá facerse integramente en galego, consonte co previsto na Lei 3/1983, de 15 de xuño, sobre lingua galega e normalización lingüística e no Regulamento sobre Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

Asimesmo, a FOANPAS, a través de calquera que sexa o medio de difusión, adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento municipal, comprometéndose a que na difusión das actividades, na edición de materiais gráficos, na páxina web, nas presentacións públicas e nos soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre as actividades obxecto do presente convenio, conste a colaboración explícita do Concello de Vigo, que deberá ter en conta a obrigatoria inclusión do logo institucional do Concello de Vigo, naqueles casos que proceda.

**Noveno.-** Antes de proceder a calquera dos pagos que se prevén para o abono desta subvención, a FOANPAS deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

**Décimo.-** O presente convenio estenderá o seu período de vixencia dende o 01 de xaneiro ao 31 de decembro de 2025, e non será prorrogable. Polo tanto, serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza das actividades subvencionadas e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025.

**Décimo primeiro.-** O convenio non atribúe á FOANPAS a condición de entidade colaboradora na xestión de futuras subvencións para prestación do servizo de comedores e actividades extraescolares das ANPAs integradas na federación,

senón que esta –a Federación— é, no convenio, a beneficiaria da subvención que se distribuirá entre as distintas ANPAs que a integran. Polo tanto FOANPAS distribuirá a subvención entre as distintas ANPAs que a integran e pertencen a centros públicos situados no termo municipal de Vigo. As actividades das ANPAs ás que pode aplicarse esta subvención serán a prestación do servizo de comedores e as actividades extraescolares dirixidas ao alumnado dos colexios públicos de Vigo, que presenten a xustificación da axuda acompañada do formulario do anexo I.

**Décimo segundo.-** Coa sinatura do convenio constituirase unha comisión de seguimento que realizará o control e seguimento da súa execución e xestión económica, segundo as pautas contempladas no anexo II e realizará a avaliación. A comisión estará formada por dous/dúas representantes nomeadas pola FOANPAS, a Xefa do Servizo de Educación, un Técnico do Servizo de Educación do Concello de Vigo que actuará de Secretario, e presidida pola Concelleira Delegada de Educación.

En calquera caso, as ANPAs beneficiarias das subvencións comprométese a remitir cuberto á FOANPAS, para que o estude a devandita comisión, e sempre antes do 30 de setembro de 2025, o formulario contido no anexo I do convenio para a realización de actividades extraescolares e/ou aulas madruga ou obradoiros matinais, a conta xustificativa acompañada dos documentos xustificativos do gasto, que naquel se indica, así como os restantes datos que pida a comisión en orde a un mellor seguimento do convenio.

O incumprimento destes requisitos e dos seus prazos poderá ser causa da perda da axuda, previo informe da comisión e acordo da Xunta de Goberno Local.

**Décimo terceiro.-** A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Educación. O Servizo de Educación emitirá informe técnico ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. Por iso, xunto a cada unha das contas xustificativas que presente a FOANPAS, o Servizo Municipal de Educación, ao tramitar o pago, deberá incorporar o correspondente informe técnico coa conformidade cos documentos xustificantes achegados e, polo tanto a procedencia do seu pago.

**Décimo cuarto-** A FOANPAS deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Educación e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

**Décimo quinto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo sexto.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a FOANPAS no que se refire á subvención recollida neste convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Décimo sétimo.-** Os datos persoais do representante da FOANPAS, indispensables para a xestión deste convenio incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar o “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos/as de Vigo e Comarca (FOANPAS), para o ano 2025”.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do Convenio, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial (BDNS). Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na

*forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).*

**Décimo oitavo.-** *A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo vixentes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado e de conformidade co artigo 127.1 g) da LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do presente convenio e con carácter previo a ésta a aprobación do gasto (art. 34 LXS).*

*As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexeráse polo estipulado neste, aplicándose os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.*

*E, en proba da súa conformidade de canto antecede, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicado.”*

#### **7(509).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE APARATOS ELEVADORES DOS COLEXIOS PÚBLICOS, ESCOLAS INFANTÍS E EDIFICIOS DEPENDENTES DO SERVIZO DE EDUCACIÓN. EXPTE. 25731/332.**

Visto o informe de fiscalización do 30/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 25/06/2025, asinado pola xefa do servizo de Educación, e conformado pola concelleira-delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno, o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda e a titular da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES:**

**1.- Aprobación expediente de contratación:** A Xunta de Goberno Local, na sesión do 28 de xullo de 2022, aprobou o expediente de contratación do servizo de mantemento de aparatos elevadores de Colexios Públicos, Escolas Infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación (expediente 25731/332), por procedemento aberto, así como o Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 18/05/2022 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 21/07/2022 que rexen a licitación, ademais do correspondente gasto por importe de 128.066,40 euros, acordando a apertura do procedemento de licitación.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

**2.- Adxudicación:** A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 6 de outubro de 2022 acordou, entre outros, adxudicar a SCHINDLER S.A. (CIF A50001726) o procedemento aberto para a contratación do mantemento de aparatos elevadores de colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación, por un prezo total de 38.240,63 euros, IVE incluído.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local e a oferta presentada.

**3.- Prazos:** O PCAP referise aos prazos na súa cláusula 26:

*"1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido. (...)"*

O apartado 4 das Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece respecto ao prazo de execución :

*"A) PRAZO TOTAL: tres anos.*

*B) PRAZOS PARCIAIS: non se fixan*

*C) PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: dúas prórrogas dun ano de duración cada unha. (...)"*

**4.- Formalización do contrato:** O contrato foi formalizado en data 2 de novembro de 2022 entre o Concello de Vigo e a entidade adxudicataria, establecéndose na cláusula 4ª do mesmo que *"O prazo do contrato é de tres anos contado a partir da última sinatura do mesmo. Establecense dúas prórrogas de 12 meses de duración cada unha."*

**5.- Modificacións contractuais:** As instalacións que son obxecto do referido mantemento relaciónanse no Anexo 1 do Prego de Prescricións Técnicas (PPT), aprobado para esta contratación (total de 21 ascensores).

A Xunta de Goberno Local en data 25 de abril de 2025 acordou modificar este contrato, ao obxecto de incluír na relación de ascensores a manter o ascensor do Colexio Público de Ensino Infantil e Primario Pintor Laxeiro, supoñendo esta modificación un incremento do importe total do contrato (expediente de modificación de contrato 7086/241).

**6.- Preaviso da prórroga:** En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do PCAP establece que *"Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. (...)"*

En data 25 de xuño de 2025, a contratista recibe a notificación do preaviso mencionado no parágrafo anterior, no que se indica a intención do Concello de Vigo de acordar a prórroga dun ano para o contrato do servizo de mantemento de aparatos elevadores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación, conforme ao estipulado no mesmo e na modificación contractual mencionada anteriormente.

**7.- Prestación do servizo:** A prestación do servizo de mantemento de aparatos elevadores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación por

parte da empresa contratista (Schindler S.A.) estase a realizar a plena satisfacción deste Servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta.

Polo tanto, dende o Servizo de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade do servizo mediante a materialización da prórroga dun (1) ano contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 03/11/2025 e o 02/11/2026.

**8.- Orzamento:** O prezo total do contrato para tres anos quedou inicialmente aprobado por un importe de 38.240,63 euros, sendo o prezo por anualidade para o mantemento de 21 ascensores de 12.746,88 euros (38.240,63 euros entre 3).

Toda vez que a modificación do contrato indicada no antecedente quinto deste informe implica un incremento no mesmo da anualidade para o mantemento dun ascensor a maiores dos inicialmente previstos, débese incluír o custo anual deste mantemento. Este importe obtense ao dividir o prezo anual do contrato entre o número inicial de ascensores (21), que dá o importe de 606,99 euros.

En consecuencia, o prezo para a prórroga por un ano deste contrato, tras incorporar a modificación contractual, quedaría fixado en 13.353,87 euros (12.746,88 + 606,99), IVE incluído.

Polo tanto, o prezo para a prórroga por un ano deste contrato quedaría fixado en 13.353,87 euros, IVE incluído, que se dividiría en dúas anualidades:

- con cargo ao exercicio orzamentario 2025 (do 03/11 ao 31/12): 2.151,46 euros;
- e con cargo ao exercicio orzamentario 2026 (do 01/01 ao 02/11): 11.202,41 euros.

O devandito gasto podería imputarse á aplicación orzamentaria 3230.227.9900 (Inspección seguridade ascensores) dos exercicios 2025 e 2026, conforme á anterior división.

**9.- Competencia:** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017 (LCSP).

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informes da Intervención Xeral, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Autorizar a prórroga do contrato para o servizo de mantemento de aparatos elevadores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación (expte. 25731/332) para o período comprendido entre o 03/11/2025 e o 02/11/2026, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un importe de 13.353,87 correspondente a esta prórroga, a favor de Schindler S.A., CIF A50001726. Este gasto imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.9900 (Inspección seguridade ascensores), e a súa distribución anual será a seguinte:

- con cargo ao exercicio orzamentario 2025 (do 03/11 ao 31/12): 2.151,46 euros;
- e con cargo ao exercicio orzamentario 2026 (do 01/01 ao 02/11): 11.202,41 euros.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(510).- OUTORGAMENTO DAS SUBVENCÍONS PARA DESENVOLVEMENTO DE CONGRESOS, XORNADAS, CONFERENCIAS, SEMINARIOS OU FOROS PARA FOMENTO DA CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO 2025. EXPTE. 21416/77.**

Visto o informe de fiscalización do 30/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/06/2025, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e Emprego e conformado pola concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA APLICABLE**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.
- Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2025
- Bases e convocatoria de subvencións para desenvolvemento de congresos, xornadas, conferencias, seminarios ou foros para fomento da contratación de persoas en situación de desemprego, probadas por acordo da Xunta de Goberno Local de 21/03/2025

I. Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 21/03/2025, aprobáronse as “Bases e convocatoria de subvencións para desenvolvemento de congresos, xornadas, conferencias, seminarios ou foros para fomento da contratación de persoas en situación de desemprego. Exdte. 21416-77”.

Ditas bases foron publicadas no BOPPO núm. 61, do 31 de marzo de 2025, e o extracto da convocatoria destas subvencións remitido pola BDNS, foi publicado no BOPPO no seu número 80 de data 29 de abril de 2025, así como, na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), promovéndose a concorrncia de

solicitudes polo prazo de 10 días, a contar dende o seguinte á súa publicación no BOPPO (30/04/2025 ao 14/05/2025, da que resultou a presentación de dúas (2) solicitudes.

As bases da convocatoria de subvencións destinadas desenvolvemento de congresos, xornadas, conferencias, seminarios ou foros para fomento da contratación de persoas en situación de desemprego establecen o financiamento da mesma por unha contía total para o vixente exercicio orzamentario (2025) é de 31.000 € (trinta e un mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800013 “Foros de Emprego”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.

II. En data 16/06/2025 A Quinta Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas empresas conforme ao establecido na base undécima no seu apartado 4, resolveu nomear a Comisión de Valoración que preside, cos seguintes membros:

|            |                          |                                                                                        |
|------------|--------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------|
| Vogal 1    | Carla Candia Paz         | Técnica de Administración Xeral - Xefa de Participación cidadá e Desenvolvemento Local |
| Vogal 2    | Sonia Mª Martínez Alonso | Técnica de emprego                                                                     |
| Suplente 1 | André Otero Medraño      | Técnico de xestión                                                                     |

A Comisión de Valoración procedeu á avaliación das solicitudes, a distribución das axuda, do cal queda constancia, na acta incorporada ao expediente de data 16/06/2025 cuxo contido se transcribe literalmente:

## "1. ANTECEDENTES

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 21/03/2025, aprobáronse as “BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA DESENVOLVEMENTO DE CONGRESOS, XORNADAS, CONFERENCIAS, SEMINARIOS OU FOROS PARA FOMENTO DA CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO 2025 Exdte. **21416/77”**.

Ditas bases foron publicadas no BOPPO núm. 61, do 31 de marzo de 2025, e o extracto da convocatoria destas subvencións remitido pola BDNS, foi publicado no BOPPO no seu número 80 de data 29 de abril de 2025, así como, na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), promovéndose a concorrência de solicitudes polo prazo de 10 días, a contar dende o seguinte á súa publicación no BOPPO (30/04/2025 ao 14/05/2025, da que resultou a presentación de dúas (2) solicitudes.

|   | NºExpte  | Nº Doc.   | CIF       | Entidade                                              | Data Rex.  |
|---|----------|-----------|-----------|-------------------------------------------------------|------------|
| 1 | 21564-77 | 250110676 | G27848738 | FUNDACIÓN MENTOR                                      | 13/05/2025 |
| 2 | 21567-77 | 250112204 | Q1570003B | COLEGIO OFICIAL DE INGENIEROS INDUSTRIALES DE GALICIA | 14/05/2025 |

## 2. SOLICITUDES DESESTIMADAS.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

Á vista da documentación que consta no expediente, desprendese que a entidade beneficiaria cumpre cos requisitos necesarios para acceder ás mesmas, agás a propostas como desestimada (1) polos motivos que se indican a continuación:

- Solicitud desestimada atendendo ao establecido na Base 2ª da convocatoria relativa aos requisitos de los solicitantes para poder ser beneficiario da subvención: de acordo co establecido no punto 2 da mencionada base esíxese "Que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións no epígrafe correspondente, con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria".

|   | NºExpte  | CIF       | Entidade                                        | Motivo Desestimación                                       | Fund Xurídico   |
|---|----------|-----------|-------------------------------------------------|------------------------------------------------------------|-----------------|
| 2 | 21567-77 | Q1570003B | COL. OFI. DE INGENIEROS INDUSTRIALES DE GALICIA | Non atoparse inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións | Base 2.2 e 10.2 |

### 3. SOLICITUDES ADMITIDAS

Atendendo ao establecido na Base 10ª da convocatoria, se verifica o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidade beneficiaria das subvencións.

Á vista da documentación que consta no expediente, despréndese que a entidade beneficiaria cumpren cos requisitos necesarios para acceder ás mesmas.

|   | NºExpte  | Nº Doc.   | CIF       | Entidade         |
|---|----------|-----------|-----------|------------------|
| 1 | 21564-77 | 250110676 | G27848738 | FUNDACIÓN MENTOR |

### 4. AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

Logo da aplicación dos criterios de valoración dos proxectos establecidos nas base 9ª da convocatoria, a puntuación total obtida pola entidade é a que se expón a continuación:

|   | NºExpte  | Nº Doc.   | CIF       | Entidade         | Puntuación |
|---|----------|-----------|-----------|------------------|------------|
| 1 | 21564-77 | 240167333 | G27848738 | FUNDACIÓN MENTOR | 75 puntos  |

### 5. CRITERIOS PARA A DISTRIBUCIÓN ECONÓMICA DAS AXUDAS:

O importe das axudas se determina proporcionalmente en función da puntuación obtida na fase de avaliación, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible:

#### 1.- Calidade do proxecto (máximo 74 puntos):

**Alcance**, isto é a capacidade do evento de impacto fora do Concello de Vigo, apoiado por difusión a nivel nacional e internacional. (máximo 10 puntos):

|                       |           |
|-----------------------|-----------|
| Perfil internacional: | 10 puntos |
| Perfil nacional:      | 8 puntos  |
| Perfil autonómico:    | 6 puntos  |
| Perfil local:         | 4 puntos  |

**Duración**, entenderase por xornada aos efectos das presentes bases, a correspondente a 5 horas. No suposto de actuacións realizadas ao longo do ano de xeito descontinuo e por períodos de tempo inferiores a xornada establecida o cómputo realizarase mediante a suma da totalidade das horas prevista entre o número de horas dunha xornada (máximo 8 puntos):

|                               |          |
|-------------------------------|----------|
| Evento de 3 xornadas ou máis: | 8 puntos |
| Evento de 2 xornadas:         | 5 puntos |
| Evento dunha xornada:         | 3 puntos |

**Relación de poñentes** (máximo 16 puntos):

|                                    |           |
|------------------------------------|-----------|
| Número de poñentes internacionais: |           |
| Máis de 3 poñentes:                | 10 puntos |
| De 1 a 3 poñentes:                 | 8 puntos  |
| Número de poñentes nacionais:      |           |
| Máis de 3 poñentes:                | 6 puntos  |
| De 1 a 3 poñentes:                 | 5 puntos  |

**Colaboración con outras entidades públicas ou privadas** para o desenvolvemento do evento (máximo 10 puntos):

|                                                            |           |
|------------------------------------------------------------|-----------|
| Colaboración con alo menos 1 entidade publica e 1 privada: | 10 puntos |
| Colaboración con 1 o máis entidades públicas:              | 8 puntos  |
| Colaboración con 1 ou máis entidades privadas:             | 5 puntos  |

**Actividades complementarias** (talleres, mesas redondas, ...) (máximo 10 puntos)

Un punto por actividade complementaria cun máximo de 10 puntos.

**Fomento do voluntariado no evento:** 2 puntos.

**Medidas ou accións de inclusión para o fomento a empregabilidade de persoas con discapacidade:** 2 puntos.

**Entidades participantes no evento mediante a montaxe de stands** e realización de actividades de información e asesoramento (máximo 16 puntos):

|                                     |           |
|-------------------------------------|-----------|
| Entidades Internacionais:           |           |
| Máis de 3 entidades internacionais: | 10 puntos |
| De 1 a 3 entidades internacionais:  | 8 puntos  |
| Entidades Nacionais:                |           |
| Máis de 3 entidades nacionais:      | 6 puntos  |
| De 1 a 3 entidades nacionais:       | 5 puntos  |

**2.- Experiencia e antigüidade**, acreditada do proxecto (máximo 10 puntos):

|                        |           |
|------------------------|-----------|
| Máis de 3 edicións :   | 10 puntos |
| Entre 2 e 3 edicións : | 8 puntos  |



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

Primera edición: 4 puntos

**3.- Número de asistentes previstos**, tanto no formato offline coma online. Como base requírense os datos históricos de asistentes en anteriores edicións e a estimación diferenciada da presente edición (máximo 10 puntos):

|                             |           |
|-----------------------------|-----------|
| Máis de 501 asistentes:     | 10 puntos |
| Entre 251 e 500 asistentes: | 8 puntos  |
| Entre 101 e 250 asistentes: | 6 puntos  |
| Entre 51 e 100 asistentes:  | 4 puntos  |
| Inferior a 50 asistentes:   | 2 puntos  |

**4.- Achega de recursos propios** para os gastos xerais de funcionamento e/o equipamento (ata 6 puntos). Entendese por recursos propios aqueles que a entidade destina ao evento obxecto da subvención provenientes dos seus propios presupostos y e que no poderán ser substituídos por achegas doutras entidades nin incluídos nos gastos subvencionables do evento.

Achega dun 20 % o porcentaxe maior: 6 puntos.

Achega dun 15 % e inferior ao 20 %: 3 puntos.

Achega dun 10 % e inferior ao 15 %: 2 puntos.

Os proxectos e actuacións poderán obter unha subvención máxima de 12.000 euros. A porcentaxe de axuda sobre a inversión subvencionable calcularase en base á puntuación que acade o proxecto presentado segundo se detalla de seguido:

| Puntos | Importe máximo subvención |
|--------|---------------------------|
| 91-100 | 12.000 €                  |
| 81-90  | 10.000 €                  |
| 61-80  | 8.000 €                   |
| 45-60  | 6.000 €                   |
| 31-44  | 5.000 €                   |
| 21-30  | 2.500 €                   |
| 15-20  | 1.500 €                   |

Unha vez avaliada a solicitude presentada, a continuación se detalla a cantidade solicitada e concedida, segundo a aplicación dos criterios anteriormente descritos, así como a porcentaxe da axuda concedida.

|   | NºExpte  | Nº Doc.   | CIF       | Entidade         | Total solicitado | Total resolución | % axuda |
|---|----------|-----------|-----------|------------------|------------------|------------------|---------|
| 1 | 21564-77 | 250110676 | G27848738 | FUNDACIÓN MENTOR | 8.000€           | 8.000€           | 100%    |

Achéganse á presente acta, os documentos que se relacionan deseguido:

## ANEXO I: Ficha baremo da entidade FUNDACIÓN MENTOR

Non habendo mais asuntos que tratar, asínase a presente acta polos membros da Comisión de Valoración, na data de sinatura dixital”

...”

Conforme a Base 11.6 da convocatoria, a Comisión de Valoración, unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, remitirá acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento.

### ÓRGANO COMPETENTE

A Resolución da Alcaldía do 20 de xuño de 2023 aprobando a "Delegación de competencias xenéricas en concelleiros de área de goberno e concelleiros delegados" dispón que, os Concelleiros/as Delegados/as da Área de goberno ostentarán, entre outras, a atribucións de impulso, execución, coordinación e tramitación dos expedientes relativos á contratación administrativa, axudas, subvencións e convenios relativos ao ámbito material da competencia delegada e no seu apartado K) a instrución dos procedementos de concesión de subvencións e reintegros así como a comprobación da xustificación da subvención.

Por outra banda, o art. 7.4 da LSG establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñan atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co art. 127.g) da Lei 57/03, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local “o desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal”.

**Á vista do exposto anteriormente e, de conformidade coa base reguladora 11 apartado 6º da presente convocatoria, se formula a seguinte proposta de**

### ACORDO:

**PRIMEIRO: DESESTIMAR**, de conformidade cos antecedentes de feito e de dereito anteriormente referidos, a solicitude que de seguido se relaciona:

|          |           |                                                 |                                                            |                 |
|----------|-----------|-------------------------------------------------|------------------------------------------------------------|-----------------|
| 21567-77 | Q1570003B | COL. OFI. DE INGENIEROS INDUSTRIALES DE GALICIA | Non atoparse inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións | Base 2.2 e 10.2 |
|----------|-----------|-------------------------------------------------|------------------------------------------------------------|-----------------|

**SEGUNDO: CONCEDER**, de conformidade co art. 21.4 da LSG, á entidade que, de seguido, se relaciona, con cargo á partida orzamentaria 2410 4800013 “Foros de Emprego” do vixente exercicio presupostario, por importe de 8.000 € (oito mil euros):

|   | NºExpte  | Nº Doc.   | CIF       | Entidade         | Total resolución |
|---|----------|-----------|-----------|------------------|------------------|
| 1 | 21564-77 | 240167333 | G27848738 | FUNDACIÓN MENTOR | 8.000€           |

**TERCEIRO: PUBLICAR** na Base Nacional de Datos de Subvencións, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) a subvención concedida, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida, aos efectos do



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**CUARTO: NOTIFICAR** o presente acordo aos/as interesados/as, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 40 e 41 da Lei 39/2015 do PAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 do PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(511).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN "PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓGICA PARA MENORES FILLOS E FILLAS DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO". EXPTE. 13659/224.**

Visto o informe xurídico do 23/06/2025 e o informe de fiscalización do 26/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/06/2025, asinado pola xefa de Igualdade, e conformado pola concelleira-delegada de Igualdade e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

O obxecto deste e contrato consiste en xestionar e executar o *"Programa de atención psicolóxica para menores fillos e fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero"*.

Este programa ten por obxecto ofrecer apoio psicolóxico individualizado a menores, fillas e fillos de mulleres en situación de violencia, a través de sesións individuais cunha psicóloga especializada en violencia de xénero, de cara a intervir os efectos negativos que a exposición a violencia de xénero ten para o seu desenvolvemento psicolóxico e emocional.

O programa está dirixido, con carácter xeral, a nenas e nenos de 6 a 17 anos, cuxas nais sofren ou sufriron situacións de violencia de xénero e que na actualidade non exista convivencia co agresor.

O programa ten principalmente 3 finalidades:

- a) Asistencial ou terapéutica. No tratamento da/do menor para resolver as secuelas ou consecuencias negativas da exposición á violencia de xénero.
- b) Psicoeducativa. Para dotar ás nenas e nenos expostos á violencia de xénero de habilidades que lles permitan facer unha crítica das condutas agresivas e que non son

aceptables dentro dunha relación igualitaria. Para devolver ás nais as competencias educativas e de crianza, que en moitos casos víronse esgotadas como consecuencia da violencia que sufriron e dándolles ferramentas e apoio necesario para potenciar a súa seguridade, confianza e autonomía no seu rol de nais.

c) Preventiva. Proporcionando ás nenas e ós nenos os recursos necesarios, segundo o caso, para que poidan identificar as distintas manifestacións da violencia de xénero, promovendo unha asunción de modelos de relacións igualitarias entre ambos sexos, previndo futuras relacións afectivas baseadas na desigualdade e na violencia de xénero.

En data do 1 de abril de 2025, a xefa do servizo de Igualdade asina o informe sobre a necesidade e idoneidade para a contratación do *“Programa de atención psicolóxica para menores fillos e fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero”*, conformado na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio. En cumprimento do establecido nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) e os artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en data 1 de abril de 2025 resólvese o inicio do expediente de contratación pola concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, no uso das competencias que lle atribúe a vixente lexislación: art. 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril; Resolución de Alcaldía de estrutura da administración do Concello de Vigo: Resolución de Alcaldía de delegación de competencias xenéricas en concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os de data 20/06/2023, (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023), Resolución de Alcaldía de estrutura da administración do Concello de Vigo: delegación de competencias (2023-2027) de data 28/06/24 (BOPPO núm. 134 de 10 de xullo de 2024), Resolución de Alcaldía de delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade de data 28/06/2024 (BOPPO núm. 133 do 9 de xullo de 2024) e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024 de modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas/os concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os (BOPPO núm. 134 de 10 de xullo de 2024).

No expediente consta a seguinte documentación:

- Informe sobre a necesidade e idoneidade e orde de inicio do procedemento aberto do contrato de servizos do *“Programa de atención psicolóxica para menores fillos e fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero”* asinado o 1 de abril de 2025 pola xefa do Servizo de Igualdade, pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola Concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade. Firmado en data 2 de abril de 2025 polo Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda e pola secretaria de Goberno Local.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

- Memoria económica asinada o 26 de maio de 2025 pola xefa do Servizo de Igualdade; conformada na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola Concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e en data 27 de maio de 2025 polo Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda.
- Certificados de retencións de crédito de data 27 e 28 de maio de 2025, respectivamente (operacións nº 12025000065983 (RC\_FUT) e nº 12025000065981).
- Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas asinada o 30 de maio de 2025 sobre o cumprimento das especificacións técnicas da lexislación vixente e garantía de acceso das licitadores en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e da libre competencia.
- Prego de prescricións técnicas particulares asinado o 26 de maio de 2025 pola xefa do Servizo de Igualdade conformado na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola Concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.
- Memoria xustificativa asinada o 26 de maio de 2025 pola xefa do Servizo de Igualdade, e conformada na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola Concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.
- Informe favorable do Servizo de Contratación sobre o a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado o 30 de maio 2025 pola técnica de administración xeral e pola xefa da área de Contratación e Novos Proxectos.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 20 de xuño de 2025 pola técnica de administración xeral e en data 23 de xuño de 2025 pola xefa da área de Contratación e Novos Proxectos.

Nos termos establecidos no art. 29.4 da LCSP este contrato terá un prazo de duración de dous anos, coa posibilidade de realizar como máximo 3 prórrogas, dunha duración dun ano.

Segundo se motiva na memoria económica, o importe do contrato (IVE exento) é de 31.874,78 €.

O importe do valor total estimado do contrato, incluída as tres posibles prórrogas é de 79.686,95 €.

O expediente ten a condición de gasto plurianual, pois o inicio do contrato está previsto para o exercicio do ano 2025 e a súa finalización está prevista para o exercicio do ano 2027.

As obrigas económicas derivadas do contrato serán atendidas a conta da aplicación orzamentaria “Plan municipal de Igualdade” 2311 2279906 do orzamento vixente do Servizo

de Igualdade e dos orzamentos futuros que se aproben para os exercicios 2026 e 2027 condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos ditos orzamentos.

Exercicio 2025: 3.984,35 €

Exercicio 2026: 15.937,39 €

Exercicio 2027: 11.953,04 €

## **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. O obxecto regulado no presente contrato encádrase nas competencias que atribúe aos municipios no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero*
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, especificamente nos artigos relacionados co procedemento aberto que rexerán esta contratación.
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, no que non se opoña á Lei 9/2017.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

1.- O inicio do expediente de contratación corresponde ao órgano de contratación (artigo 116.1 LCSP) que, nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional segunda, apartado 4 LCSP). Esta competencia foi delegada nas concelleiras e concelleiros delegados de Área. Resolución de Alcaldía de delegación de competencias xenéricas en concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os de data 20/06/2023, (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023), Resolución de Alcaldía de estrutura da administración do Concello de Vigo: delegación de competencias (2023-2027) de data 28/06/24 (BOPPO núm. 134 de 10 de



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

xullo de 2024), Resolución de Alcaldía de delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade de data 28/06/2024 (BOPPO núm. 133 do 9 de xullo de 2024) e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024 de modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas/os concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os (BOPPO núm. 134 de 10 de xullo de 2024).

2.- O expediente refírese á totalidade obxecto do contrato e nel constan o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexeran o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

3.- O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente, a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

4.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 LCSP.

5.- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2025, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 27 de decembro de 2024 e publicado no perfil de contratante.

6.- Na memoria económica xustifícase o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran (artigo. 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP) así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira); a elección do procedemento aberto e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP).

7.- De conformidade coa disposición adicional terceira apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

8.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Constan no expediente certificados de retención de crédito RC\_FUT e RC de datas 27 e 28 de maio de 2025, respectivamente. O informe da fiscalización previa incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

9.- A competencia para a resolución deste expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da LCSP. A resolución

deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP).

Polo exposto, e previo informe favorable da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, que adopte o seguinte

#### **ACORDO:**

- 1.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do *“Programa de atención psicolóxica para menores fillos e fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero”*.
- 2.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado en data 20.06.2025 pola técnica de administración xeral e en data 23.06.2025 pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.
- 3.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola xefa do Servizo de Igualdade o 26 de maio de 2025, e conformado na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola Concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.
- 4.- Autorizar o gasto por importe total de 31.874,78 € para facer fronte á contratación da xestión do *“Programa de atención psicolóxica para menores fillos e fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero”*, que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria *“Plan municipal de Igualdade”* 2311 2279906 do orzamento vixente e dos orzamentos futuros do Servizo de Igualdade que se aproben para os exercicios 2026 e 2027, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos ditos orzamentos, desglosado do seguinte xeito: 3.984,35 € imputaranse ao orzamento do ano 2025, 15.937,39 € imputarase ao orzamento futuro do exercicio 2026, e 11.953,04 € imputaranse ao orzamento futuro do exercicio 2027.
- 5.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente.

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(512).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PROFESIONAIS DE COLABORACIÓN COA INTERVENCIÓN XERAL MUNICIPAL PARA A REALIZACIÓN DE AUDITORÍA PÚBLICA E CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCÍONS PROGRAMADAS DENTRO DOS PLANS ANUAIS DE CONTROL FINANCEIRO. EXPTE. 103028/140.**



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

Visto o informe xurídico do 23/06/2025 e o informe de fiscalización do 26/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/06/2025, asinado pola viceinterventora adxunta e o interventor xeral, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

### ANTECEDENTES.

I.- En data 27 de febreiro de 2025, emítese informe de necesidade e idoneidade asinado pola Viceinterventora adxunta e polo Interventor xeral municipal, tal e como establece o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE (LCSP), do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP),

Neste informe establécese que a obrigatoriedade de contar cos medios necesarios para a realización dos servizos profesionais de auditoría en colaboración coa Intervencións Xeral municipal do Concello de Vigo para a realización das actuacións de auditoría de contas e control financeiro de subvencións programadas dentro dos plans anuais de control financeiro.

Na presente contratación a necesidade ven xustificada polo feito que o ordenamento xurídico atribúe ao órgano interventor exixencias de actuacións de control que anualmente se inclúan no correspondente Plan anual de control financeiro e ante a ausencia de medios técnicos e/ou humanos adecuados para a realización das auditorías públicas, o Real Decreto 424/2017 de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, contempla a posibilidade da Entidade Local de contratar para colaborar co órgano interventor a firmas privadas de auditoría que deberán axustarse ás instrucións dadas polo órgano interventor, a cuxo efecto consignaranse nos orzamentos das Entidades Locais as contías suficientes para responder as necesidades de colaboración

Con este contrato satisfaranse estas necesidades de realización de auditorías a entidades integrantes do sector público local así como do control financeiro ás subvencións, cumpríndose coas estipulacións impostas pola lexislación vixente. Estímase que a necesidade á que se pretende dar satisfacción mediante as devanditas prestacións e a súa relación co obxecto do contrato é directa, clara e proporcional polos motivos expostos.

II.- Ao abeiro do devandito informe de necesidade e idoneidade, con data 28 de febreiro de 2025 o Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda acorda o inicio do expediente de contratación, e de conformidade co art. 116.1 e Disposición Adicional .2ª.4 da LCSP e coas delegacións de competencias adoptadas por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 18/06/2019 e 26/06/2019 e posteriores modificacións, e acordos da Xunta de Goberno Local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, e posteriores modificacións.

III.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

1. Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Viceinterventora adxunta e polo Interventor xeral municipal de 27 de febreiro de 2025.
2. Decreto de inicio do expediente de contratación asinado polo Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda de data 28 de febreiro de 2025.
3. Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentación do 3 de abril de 2025.

4. Memoria económica asinada pola viceinterventora adxunta, interventor xeral municipal e o Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda de data 16 de maio de 2025, e conformada polo Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda o 19 de maio de 2025.
5. Prego de Prescricións Técnicas asinado pola viceinterventora adxunta e o Interventor xeral de data 27 de maio de 2025.
6. Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP, en cumprimento do artigo 116.4.e) LCSP asinada en data 27 de maio pola Viceinterventora adxunta e o Interventor Xeral.
7. Declaración dos redactores do prego de prescricións técnicas do 20 de xuño.
8. Informe aclaratorio das memorias de data 20 de xuño de 2025
9. Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de contratación do 20 de xuño de 2025.
10. Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, de asinado tamén o 20 de xuño de 2025.

## FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ó Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición Adicional Segunda, apartado 4 LCSP) e, por delegación desta aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto de conformidade co requirido polo artigo 116.2 LCSP e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen o contrato.

**Terceiro.-** De conformidade co artigo 116 LCSP, o contrato foi iniciado polo órgano de contratación motivando a necesidade segundo o establecido no artigo 28 do devandito texto legal.

**Cuarto.-** O expediente xustifica suficientemente a necesidade e idoneidade do contrato segundo o artigo 28 e 116.4 LCSP; a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP), a xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto, a xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP), a xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP, a xustificación dos medios persoais esixidos (artigo 76.2 LCSP), a xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP),a xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP), a xustificación das tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación (artigo 215 LCSP), o lugar de entrega das prestacións obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP), e a xustificación das condicións especiais de execución (artigos 116.4.c) e 202 LCSP).

**Quinto.-** Previa aprobación do expediente, é preceptivo o informe da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional Terceira, apartado 8 da LCSP); así como a incorporación do certificado de retención de crédito de exercicios futuros e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional Segunda, apartado 4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o informe da Asesoría Xurídica e o informe de fiscalización (ao xa contar o documento contable), propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte:

### ACORDO

**Primeiro.-** Aprobar o presente expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria, da Contratación da prestación dos servizos profesionais de auditoría en colaboración coa IXM parra a realización de actuacións de auditoría pública e control financeiro de subvencións programadas dentro dos Plans Anuais de Control financeiro.

**Segundo.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 20 de xuño de 2025.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares redactado e asinado pola Viceinterventora adxunta e asinado polo Interventor Xeral en data 27 de maio de 2025.

**Cuarto.-** Aprobar o gasto por importe de 99.303,80€ (IVE incluído 17.234,54€) necesario para a execución do contrato de “Servizos profesionais de auditoría en colaboración coa Intervención Xeral Municipal para a realización de actuacións de auditoría pública e control financeiro de subvencións programadas dentro dos Plans Anuais de Control Financeiro”, con cargo á aplicación orzamentaria 9310.2270600 “Elaboración de auditorías”, conforme a seguinte distribución por anualidades:

|                 | 2025               | 2026               |
|-----------------|--------------------|--------------------|
| subtotal lote 1 | 19.348,62 €        | 19.348,62 €        |
| subtotal lote 2 | 23.377,24 €        | 23.377,24 €        |
| subtotal lote 3 | 7.387,59 €         | 6.464,78 €         |
| <b>Total</b>    | <b>50.113,45 €</b> | <b>49.190,64 €</b> |
| principal       | 41.416,07 €        | 40.653,42 €        |
| IVE             | 8.697,38 €         | 8.537,22 €         |

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(513).- SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA DA DESAFECTACIÓN AO USO**

**EDUCATIVO DO EDIFICIO EXISTENTE NO CEIP VIRXE DO ROCÍO.  
(PROPIEDAD N° 63 DO IMBD). EXPTE. 22213/240.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 30/06/2025, asinado polo xefe do servizo de Patrimonio e a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local.  
L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.  
Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das  
Administracións Públicas  
L 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.  
LO 2/2006, de 3 maio, de Educación.  
RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais

**INFORME-PROPOSTA:**

**ANTECEDENTES:**

**PRIMEIRO.-** Polo Servizo de Educación informouse, o 28/05/2025, que:  
*Fóra do actual recinto do Centro de Educación Infantil e Primaria VIRXE DO ROCÍO, existe un inmovble no que hai anos estaba ubicado o colexio e que quedou en desuso ao trasladarse a actividade do centro a un novo edificio no ano 2012.*

*Dende esa data a dita edificación non se utilizou para actividade docente, salvo algún uso esporádico pola ANPA do centro.*

*Un edificio que ao estar fóra do recinto escolar do colexio deixou de ser atendido polo Servizo Municipal de Educación, ao non ter uso educativo e non estar integrado nas novas dependencias educativas do centro, nin sequera está dentro do recinto escolar.*

*Por esta razón, o Servizo de Educación xa en data 04/03/2022 solicitou ao Servizo de Patrimonio Municipal a tramitación ante a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da desafectación do uso educativo do dito edificio (doc. 220047312). A desafectación ao uso escolar deste inmovble permitiría que puidese destinarse a fins sociais, culturais e asistenciais polo Concello de Vigo. Esta desafectación non foi concedida.*

*A Consellería de Educación considera que ao non formar parte do colexio nin ter uso educativo como parte do CEIP VIRXE DO ROCÍO, o inmovble ten que ser devolto ao Concello de Vigo.*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

**SEGUNDO.-** Pola Concelleira Delegada de Patrimonio ordenouse en data 26/06/2025 o inicio do correspondente procedemento administrativo de desafectación do edificio en desuso existente no CEIP VIRXE DO ROCÍO ó servizo educativo.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

**PRIMEIRO.-** O CEIP VIRXE DO ROCÍO, consta de titularidade municipal inscrita no Inventario municipal de bens e dereitos baixo o número de propiedade 000063, co natureza xurídica de ben de servizo público afecto o servizo educativo.

Dita propiedade, según resulta da información obrante na oficina do inventario municipal, atopase conformada por dúas parcelas, con número de policía e referencia catastral diferente, e separadas pola rua Marin.

Unha parcela de 5.139,03 m<sup>2</sup> situada no nº70 da Rua Rocio, con Ref. Catastral única (0545857NG2704N1US), onde desenvólvese na actualidade o servizo educativo do CEIP VIRXE DO ROCÍO e; por outra banda, a parcela de 1.217,00 m<sup>2</sup>, no nº 72 da Rua Rocio, con Ref. Catastral única (0443529NG2704S1YB V), na que situase un edificio de 4 plantas (obxecto do presente expediente de desafectación) no que, ata o ano 2012, albergaba o colexio e que quedou en desuso polo traslado nese ano da actividade educativa do centro ao novo edificio situado no nº 70 da Rua Rocio.

**SEGUNDO.-** A facultade das Entidades Locais para proceder á alteración da cualificación xurídica dos seus bens ven recoñecido no art. 81 da Lei 7/85 RBRL, art. 269 da Lei 5/97 de ALG e art. 8 do R.D. 1372/86 RBEL, ó dispor que dita alteración xurídica levaráse a cabo mediante a tramitación do correspondente expediente administrativo no que se acredite a oportunidade e legalidade desta, requirindo a súa adopción a cumprimentación de diversos requisitos que a mesma normativa establece, así como o disposto na normativa sectorial de aplicación.

Neste senso, a concurrencia competencial doutras administracións públicas no ámbito do servizo educativo e polo tanto en relación os bens que se atopen vencellados a ese destino, como no presetne caso acontece co edificio do CEIP Virxe do Rocio, situado no nº 72 da Rua Rocio, fai preciso acadar a autorización pertinente destas a teor do sinalado na súa normativa reguladora e no ámbito competencial que lle e propio.

De acordo co decreto 1373/82 de 24 de xullo, polo que se levou a cabo a transferencia de funcións e servizos do estado en materia de educación a favor da Comunidade Autónoma de Galicia, esta obtema na actualidade a condición de Administración xestionante do servizo educativo no ámbito de esta Comunidade e, consecuentemente, requírese como trámite previo e necesario a obtención da Consellería de

Educación da Xunta de Galicia da autorización correspondente para a alteración xurídica da natureza de dito ben, desafectando o servizo educativo como Escola infantil, tal e como se recolle na disposición adicional decimoquinta, apartado 2 da Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación, ó establecer que ditos edificios non poderan destinarse a outros servizos ou finalidades sen autorización previa da Administración Educativa correspondente.

**CUARTO.-** A desafectación interesada incide unicamente na natureza xurídica do inmovible n.º 72 da Rúa Rocio, onde sitúase o edificio que na actualidade atópase en desuso, pero non así o inmovible do n.º 70 da mesma rúa que mantén a súa afectación ó servizo público, como centro de educación infantil e primaria (CEIP VIRXE DO ROCÍO) e con el a condición de dominio público municipal.

A solicitude proposta de desafectación de dito edificio ó servizo educativo, ven motivada e xustifícase, ó tratarse dun edificio que se atopa fora e separado pola rúa Marín do recinto escolar do CEIP VIRXE DO ROCÍO; que dende o ano 2012 non ten uso educativo polo traslado de dita actividade as instalacións do n.º 70 da rúa Rocio, que na actualidade alberga o CEIP, polo que non veríase afectado a prestación do servizo educativo; e, por outra banda, posibilitaría destinalo a outras actividades sociais, culturais e asistenciais, competencia desta administración municipal, dando resposta a ditas necesidades públicas

**QUINTO.-** A teor do exposto, procede reiterar a solicitude de autorización, pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, xestora do inmovible, para a desafectación ó servizo educativo do edificio municipal sito no n.º 72 da Rúa Rocio de Vigo ..

Por todo ello, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

*“UNICO.- Solicitar, novamente, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, autorización para a desafectación ó uso educativo do edificio municipal sito no n.º 72 da Rúa Rocio (Ref catastral 0443529NG2704S1YB), no termo municipal de Vigo, ó atoparse na actualidade en desuso, sen actividade docente dende o ano 2012, e resultar necesario destinalo a outras actividades sociais, culturais e asistenciais desta administración municipal”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

### **12(514).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE RESTAURACIÓN DAS CUREÑAS DOS CANÓNS DA FORTALEZA DE O CASTRO. EXPTE. 12315/307.**

Visto o informe xurídico do 20/06/2025 e o informe de fiscalización do 25/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/06/2025, asinado pola xefa de Patrimonio Histórico e a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO:**

Con data 22 de xaneiro de 2025, a concelleira-delegada de Patrimonio Histórico ditou orde de inicio do expediente administrativo dirixido á CONTRATACIÓN DA RESTAURACIÓN DAS CUREÑAS DOS CANÓNS DA FORTALEZA DE O CASTRO, segundo delegación do alcalde de 28/06/2024 das atribucións específicas nos/as diferentes concelleiros/as, que atribúe á Primeira teniente de alcalde e concelleira delegada da área de goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade a “as competencias municipais en materia de Patrimonio Histórico, na defensa e promoción do conxunto do Patrimonio Cultural, sinaladamente, en relación co Monte de O Castro, ...”

No expediente inclúense os seguintes documentos:

- Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola xefa de Patrimonio Histórico de data 22 de xaneiro de 2025.
- Resolución da concelleira delegada de Patrimonio Histórico de data 22 de xaneiro de 2025 para o inicio do expediente de contratación.
- Memoria económica asinada o 30 de xaneiro de 2025 pola xefa de Patrimonio Histórico e a concelleira delegada de Patrimonio Histórico.
- Prego de prescricións técnicas asinado pola xefa de Patrimonio Histórico o 8 de maio de 2025.
- Memoria xustificativa asinada o 17 de xuño de 2025 pola xefa de Patrimonio Histórico e pola concelleira delegada de Patrimonio Histórico.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa de servizo de Contratación o 18 de xuño de 2025.

#### **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS:**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios

de solvencia económica (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os costes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

**Terceiro.-** Consta na memoria elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Cuarto.-** É preceptiva previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

**Quinto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

### **III.- ACORDO:**

**1º.- Aprobar o expediente de contratación** polo procedemento aberto e tramitación ordinaria da **RESTAURACIÓN DAS CUREÑAS DOS CANÓNS DA FORTALEZA DE O CASTRO.**

**2º.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas** asinado pola xefa de Patrimonio Histórico o 8 de maio de 2025.

**3º.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares** que rexerá o contrato asinado pola xefa do servizo de Contratación o 18 de xuño de 2025.

**4º.- Autorizar o gasto total de TRINTA E TRES MIL CENTO NOVENTA EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (33.190,30 euros),** sendo o importe correspondente ao IVE de CINCO MIL SETECENTOS SESENTA EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (5.760,30 euros). como orzamento base de licitación, con cargo á aplicación 3360.6190000 RECUPERACIÓN RESTAURACIÓN CUREÑA E CANÓNS do orzamento municipal para o ano 2025 (RC 12025000008573).

**5º.- Abrir o procedemento licitatorio** para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

### **13(515).- RESOLUCIÓN DOS RECURSOS PRESENTADOS AO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DA APROBACIÓN DOS CRITERIOS XERAIS, BASES E CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DOS POSTOS DE TRABALLO ENCADRADOS NOS SUBGRUPOS C1, C2 E AP POLO SISTEMA DE CONCURSO. EXPTE. 40685/220.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 25/06/2025, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de goberno, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 3 de novembro de 2023, acordou a aprobación dos criterios xerais, convocatoria e bases reitoras para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos de titulación C1, C2 e AP polo sistema de concurso ordinario, tramitada no presente expediente electrónico nº 40.685/220.

Ditas actuacións relaciónanse coa actividade municipal continuada tendente á efectiva execución da Sentenza nº 62/2021, de 25/03/21, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº2 de Vigo, dictada no procedemento abreviado nº 180/2022; tendo sido publicado dito acordo no BOPPO nº 224, do martes 21 de novembro do 2023.

2.- Contra o citado acordo constan presentados os seguintes recursos de reposición:

| Recorrente                 | Data                     | Nº de documento        |
|----------------------------|--------------------------|------------------------|
| M. Escariz Couso           | 26.11.2023               | 230376671              |
| E. Alonso Rodriguez (CCOO) | 28/11/2023<br>29/11/2023 | 230380495<br>230385094 |
| A.M. Gómez Rodriguez       | 30/11/2023               | 230392163              |
| R. Garrido Troncoso        | 01/12.2023               | 230392461              |
| D. González González       | 05/12/2023               | 230396343              |
| A. Pérez Miniño            | 12/12/2023               | 230404381              |
| C. Rodríguez Garrido       | 12/12/2023<br>28/12/2023 | 230404381<br>230420709 |
| M. Eiras Fernández         | 21/12/2023               | 230416216              |
| M. Núñez Rodriguez         | 13/12/2023               | 230407401              |

|                                                       |            |           |
|-------------------------------------------------------|------------|-----------|
| F. Fernandez Alonso                                   | 13/12/2023 | 230407458 |
| J.A. Pereira Somoza                                   | 13/12/2023 | 230407459 |
| A. C. Pardo Cartelle                                  | 14/12/2023 | 230407461 |
| S. M. De Jesús Fernández                              | 14/12/2023 | 230407472 |
| D. A. Alvarez Basso                                   | 14/12/2023 | 230407483 |
| E. González Pintos                                    | 14/12/2023 | 230408069 |
| H. Conde Lorenzo                                      | 14/12/2023 | 230408397 |
| R. M <sup>a</sup> García Martínez                     | 14/12/2023 | 230408452 |
| C. Dominguez Gonzalez                                 | 14/12/2023 | 230408570 |
| P. Martinez Lino                                      | 14/12/2023 | 230408884 |
| Xefe do servizo de Medio ambiente, sanidade e consumo | 19/12/2023 | 230412576 |
| R. Silva Pereira                                      | 20/12/2023 | 230412576 |
| M. Iglesias Lorenzo                                   | 20/12/2023 | 230414288 |
| M. Caramés Vázquez                                    | 20/12/2023 | 230415077 |
| R. Vázquez Martínez                                   | 21/12/2023 | 230415416 |
| R. Seijas Álvarez                                     | 21/12/2023 | 230415665 |
| D. Pena González (SICO)                               | 22/12/2023 | 230416957 |

**3.-** Á vista do contido dos recursos presentados, en data 22 de decembro de 2023 a Xunta de Goberno Local acordou a suspensión, a instancia dos recorrentes, do acordo aprobatorio dos criterios xerais, convocatoria e bases reitoras citado no antecedente 1, polo tempo que medie ata a resolución dos recursos presentados.

Dito acordo de suspensión publicouse no BOPPO nº 249, de 29 de decembro de 2023.

**4.-** Efectuadas actuacións administrativas de estudo e análise técnica e xurídica dos recursos presentados, que constan documentadas nos trámites 459 a 484, ambos inclusive, do expediente electrónico -concretadas na emisión de informe técnico aos recursos de data de sinatura electrónica 02/05/2024 (trámite 468) e informe de data de sinatura dixital 25/06/2024 (trámite 474)- procede, ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a emisión de informe-proposta de acordo ao órgano municipal competente para a súa resolución.

**5.-** Consta informe emitido en data de sinatura electrónica 06/02/2025 pola contratista do contrato administrativo de servizos de consultoría e asistencia técnica especializada para o apoio na elaboración e revisión da relación de postos de traballo (RPT), APT e VPT con perspectiva de xénero, e análise da suficiencia dotacional en plantilla, tramitado en expediente nº 43.010-220; informe solicitado polo Concello de Vigo considerando o actual



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

estado de execución do contrato, aos estritos efectos de non impedir a debida execución do seu obxecto.

**6.-** Sendo a obriga das Administracións Públicas a de provisión definitiva dos seus postos de traballo con estrita suxeición á normativa vixente, cómpre analizar a situación concorrente, determinando as actuacións procedentes e elevando as correspondentes propostas aos órganos municipais competentes.

### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

---

**CUESTIÓN PREVIAS.-** Con carácter previo á abordaxe da análise xurídica do presente expediente, déixase constancia expresa de que a ausencia de instrución técnica na tramitación do expediente administrativo dende a data de recepción do informe emitido pola contratista -e notificado pola xefatura asinante en data 13/02/2025 (documento nº 250033504), circunstancia que, a salvo das actuacións que correspondan, motiva a resolución de data 10/06/2025 establecendo o cambio de funcionario público instrutor, dispoñendo que pola xefatura se asuma a instrución do expediente, ao único obxecto de dar efectivo cumprimento ás obrigas normativas, e en estrito exercicio de responsabilidades profesionais, debendo os órganos competentes adoptar as medidas procedentes para que o persoal municipal asuma as funcións que normativa e profesionalmente lles corresponden.

Igualmente, cómpre deixar constancia do feito de que xa en informes de datas 21/03/2011 (emitido por quen suscribe ao expediente administrativo nº 21.900/220, e cuxo contido foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 25/03/2011) e 05/05/2017 (emitido tamén por quen suscribe ao expediente electrónico nº 27.913/220) foi posta de manifesto, por primeira vez e que se teña constancia, a necesidade de efectuar a provisión definitiva dos postos de traballo do Concello de Vigo, e singularmente daqueles encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación.

Sen que se teñan localizado nos arquivos da área antecedentes documentais datados con anterioridade ao ano 2006, nos cales se sinalase a necesidade de cumprimento de ditas obrigas normativas.

Expostas ditas cuestións previas, procédese á emisión de informe sobre os recursos presentados.

### **I.- SOBRE OS RECURSOS POTESTATIVOS DE REPOSICIÓN: LEXITIMACIÓN PARA A INTERPOSICIÓN E ADMISIBILIDADE.**

O recurso potestativo de reposición regúlase nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) determinando o primeiro dos preceptos citados que *“los actos administrativos que pongan fin a la vía administrativa podrán ser recurridos potestativamente en reposición ante el mismo órgano que los hubiera dictado o ser impugnados directamente ante el orden jurisdiccional contencioso-administrativo. No se podrá interponer recurso contencioso-administrativo hasta que sea resuelto expresamente o se haya producido la desestimación pre-*

*sunta del recurso de reposición interpuesto”; e contemplando o segundo precepto invocado que “el plazo para la interposición del recurso de reposición será de un mes, si el acto fuera expreso. Transcurrido dicho plazo, únicamente podrá interponerse recurso contencioso-administrativo, sin perjuicio, en su caso, de la procedencia del recurso extraordinario de revisión. Si el acto no fuera expreso, el solicitante y otros posibles interesados podrán interponer recurso de reposición en cualquier momento a partir del día siguiente a aquel en que, de acuerdo con su normativa específica, se produzca el acto presunto. El plazo máximo para dictar y notificar la resolución del recurso será de un mes. Contra la resolución de un recurso de reposición no podrá interponerse de nuevo dicho recurso”.*

Respecto da lexitimación para a interposición do recurso de reposición, o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente, podendo non obstante, interpoñer con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo senso, o artigo 112 da citada LPACAP determina que contra as resolucións e os actos de trámite cualificados poderanse interpoñer polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.

Debe a priori recoñecerse aos recorrentes a necesaria lexitimación para impugnar os actos obxecto de recurso, dado que son posibles interesados ao poder concorrer aos procesos de provisión que se articulen en execución do acto administrativo obxecto de impugnación, ou titulares de dereitos e intereses lexítimos, persoais e directos afectados polo referido acto; ou en representación dos intereses das persoas empregadas públicas, no caso dos sindicatos.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 LPACAP xa citado) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, constando presentados en tempo e forma os recursos relacionados nos antecedentes, agás os recursos presentados por E.A.R en representación de CCOO (Doc. 230385094) por duplicidade de trámite; C.R.G (Doc. 230420709) por duplicidade e extemporaneidade; e e D.P.G en representación de SICO, por extemporaneidade conforme consta no informe de data 25/06/2024.

Deste xeito, cómpre sinala que a totalidade dos recursos interpostos teñen sido presentados en prazo, agás os referenciados en liñas anteriores.

De conformidade co artigo 57 da LPACAP *“el órgano administrativo que inicie o tramite un procedimiento, cualquiera que haya sido la forma de su iniciación, podrá disponer, de oficio o a instancia de parte, su acumulación a otros con los que guarde identidad sustancial o íntima conexión, siempre que sea el mismo órgano quien deba tramitar y resolver el procedimiento. Contra el acuerdo de acumulación no procederá recurso alguno”;* aconsellando a eficiente tramitación dos expedientes administrativos a acumulación dos recursos presentados e a correspondente análise e resolución conxunta.

## **II.- SOBRE OS RECURSOS PRESENTADOS.**

Relacionados no antecedente 2, os recursos presentados teñen sido analizados técnicamente en informe técnico aos recursos de data de sinatura electrónica 02/05/2024



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

(trámite 468) e informe de data de sinatura dixital 25/06/2024 (trámite 474); tendo sido instada a necesidade de consideración do estado de execución dun contrato administrativo de servizos de consultoría e asistencia técnica especializada para a revisión, estudo e análise da RPT e das dotacións de plantilla, citado no antecedente 5, e dada a potencial colisión do procedemento de provisión suspendido coas actuacións de execución do contrato.

Unha das cuestións de necesaria análise en canto ao fondo do asunto é a que se documenta no informe de data de sinatura electrónica 06/02/2025, emitido pola contratista do contrato administrativo de servizos de consultoría e asistencia técnica especializada para o apoio na elaboración e revisión da relación de postos de traballo (RPT), APT e VPT con perspectiva de xénero, e análise da suficiencia dotacional en plantilla, tramitado en expediente nº 43.010-220.

Este informe foi emitido a petición do Concello de Vigo, considerando o actual estado de execución do contrato e aos estritos efectos de non impedir a debida execución do seu obxecto; xunto coa necesidade de provisión temporal de postos de traballo vacantes de entre os incluídos na convocatoria obxecto de impugnación, por razóns obxectivas de urxencia e necesidade na prestación do servizo, en ámbitos esenciais para a cidadanía -servizos sociais comunitarios; oficina de asistencia ao rexistro e información-. Deixando constancia de que o informe consta solicitado en data 22/08/2024 (trámite 484 do expediente) e de que se recibe o 10/02/2025 -uníndose ao expediente nº 46.117-220, e notificándose ao persoal técnico en data 13/02/2025.

Ao respecto, indícase que o informe da contratista mostra unha certa xeneralidade na exposición dos razoamentos aportados, e repite cuestións básicas e xa coñecidas -precisamente, por ser tales cuestións as que motivaron a contratación de apoio técnico experto para a realización dos traballos de elaboración da relación de postos de traballo e dos procesos de APT e VPT, tal e como se documenta na memoria xustificativa do contrato-; realizando afirmacións xerais cuxa sistemática e razoamento resultas mellorables, dado que nalgúns parágrafos contradíse no relativo ás actuacións a abordar -propoñendo revisar os criterios xerais aprobados, valorando positivamente a suspensión acordada polo órgano municipal competente, para de seguido propoñer continuar coa provisión, o cal resulta claramente contradictorio coa necesidade de revisión de criterios-.

Sen prexuízo delo, sí resulta certo que no informe citado se sinala a necesidade de revisar os criterios técnicos de singularización de postos de traballo do Concello de Vigo, indicando que *"en términos legales y técnicos, la singularización de puestos debería basarse en criterios que incluyan la especialización técnica, el nivel de responsabilidad, la dificultad del trabajo y las condiciones de trabajo, tales como penosidad, peligrosidad o incompatibilidad. La falta de una justificación adecuada para la clasificación de estos puestos podría derivar en una recalificación de los mismos, **lo que podría afectar tanto a la convocatoria de los traslados como a la asignación de los complementos específicos correspondientes**"* (páxina 3, terceiro parágrafo).

E tal informe sinala tamén a necesidade de revisión das bases e criterios xerais aprobados (páxina 7, punto 2.3) ao informar que *"para garantizar la viabilidad de la provisión definitiva de los puestos, **es necesario realizar una revisión exhaustiva de los criterios de***

*selección y los baremos de méritos establecidos en la convocatoria, con el fin de asegurar que la selección se realice de manera justa y transparente. En este sentido, el proceso de valoración de méritos debe cumplir con los principios de equidad e igualdad de oportunidades, de acuerdo con la normativa sobre acceso a la función pública".*

Os recursos presentados polas persoas interesadas e lexitimadas determinaron non só a suspensión do procedemento en vía administrativa -a efectos de verificar o alcance do mesmo e en aplicación dun esencial principio de cautela, especialmente no relativo aos dereitos individuais das persoas interesadas no procedemento de provisión- senón que, sempre a xuízo da funcionaria informante, e en atención á eficiencia das actuacións administrativas tendentes á provisión definitiva dos postos de traballo do Concello de Vigo con pleno axuste ao marco normativo rector que resulta de aplicación, enténdese necesario estimar parcialmente os recursos e deixar sen efecto a totalidade do acordo adoptado.

A motivación das actuacións que se estiman procedentes radica simple e sinxelamente na necesidade de observancia dos principios constitucionais de legalidade e de seguridade xurídica contidos no artigo 9.3 da vixente Constitución de 1978, xunto cos principios de obxectividade, eficacia e eficiencia, e pleno sometemento á Lei e ao Dereito da actuación administrativa, contemplados no artigo 103.1 da mesma Norma Suprema. Debendo considerar que concretas circunstancias relativas á necesidade de revisar os criterios xerais aprobados e negociados teñen sido postas de manifesto polos propios recorrentes nos recursos presentados, que instaban complementariamente a suspensión; e dende as perspectivas da equidade e da boa fe, enténdese necesario estimar parcialmente os recursos presentados, deixando sen efecto a totalidade do acordo adoptado.

### **III.- SOBRE A NECESIDADE DE IMPLEMENTACIÓN CONTINUA DAS ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS EN DESENVOLVEMENTO PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DOS POSTOS DE TRABALLO DOS SUBGRUPOS C1, C2 E AP. A NECESIDADE DE REVISIÓN DOS CRITERIOS XERAIS E PROCEDENCIA DE CONVOCATORIA DE POSTOS BASE ENCADRADOS NOS SUBGRUPOS A1 E A2.**

Analizada primeiramente a procedencia de estimación parcial dos recursos, en atención aos informes emitidos no expediente, cómpre abordar a inaprazable necesidade de garantir a continuidade do proceso de provisión da totalidade dos postos de traballo do Concello de Vigo actualmente en curso, así como de que tal proceso se desenvolva coa maior seguridade xurídica posible.

A xefatura suscribinte comparte, en parte e polo que afecta ao presente expediente, a aportación realizada pola contratista do contrato de revisión da RPT, no relativo á necesidade de revisión dos criterios xerais aprobados, toda vez que os mesmos traen causa dos elaborados ao longo do tempo -e en datas anteriores ao ano 2006, que teña coñecemento a suscribinte- polo Concello de Vigo para a convocatoria dos tradicionalmente denominados "concursos de traslados", que non eran outra cousa que procedementos de provisión de postos de traballo encadrados nos subgrupos C1, C2 e AP, polo sistema de concurso ordinario.

Criterios que non só deberían actualizarse, vista a data da súa aprobación (ano 2023) **senón que deberán abranguer a totalidade dos postos de traballo A1 e A2 a proveer polo sistema de concurso ordinario** -técnicos de carácter base encadrados nos



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

subgrupos A1 e A2- dada a existencia de idéntica obriga normativa de provisión definitiva dos mesmos, dado que os postos de traballo de xefatura están sendo obxecto de provisión definitiva, en convocatorias periódicas públicas, polos procedementos normativamente establecidos.

Esta actuación non só daría cumprimento íntegro á obriga normativa de provisión definitiva da totalidade dos postos de traballo no Concello de Vigo, senón que permitiría sentar as bases para a consolidación, na cultura organizacional municipal, da convocatoria periódica sistemática de postos de traballo mediante o sistema de concurso, como mecanismo de mobilidade voluntaria, minimizando o recurso ás provisións temporais e aos traslados de urxencia, que merman recursos, restan eficiencia e impactan negativamente na xestión pública en materia de recursos humanos, ao detraer tempo e esforzo profesional necesarios para dispoñer de estruturas e dotacións estables e permanentes en servicio á cidade.

En forma análoga ás actuacións desenvoltas en materia de selección, tendentes á priorizar a execución das ofertas de emprego público no canto da temporalidade e coxunturalidade-, en materia de provisión a prioridade debe ser a do deseño, implementación e execución periódica de convocatorias sistemáticas de mobilidade interna, priorizando actuacións de impacto permanente e minimizando actuacións temporais. Elo obrigará a considerar que o afrontamento de tales actuacións demandará medios tecnolóxicos e humanos, así como o necesario traballo de diálogo interorgánico e interdepartamental na materia, a fin de definir a necesaria visión estratéxica da organización, máis aló da comprensible -á vez que ineficiente- clave de inmediatez aportada polos diferentes servizos administrativos.

As convocatorias periódicas, que requiren da necesaria calendarización previa, deberán atender a razóns de interese xeral debidamente motivadas, priorizando os colectivos necesitados de maior dispoñibilidade de efectivos -atención ao público; servizos sociais comunitarios; policía local, entre outros esenciais- debendo considerar a capacidade actualmente limitada da Área de Recursos Humanos e Formación -dotada con 10 efectivos operativos, excluído o SPPRL- para a execución simultánea e concomitante das ofertas de emprego público e das convocatorias de provisión definitiva da totalidade dos postos de traballo A1 e A2 -en execución actualmente a provisión definitiva das xefaturas, coa colaboración da seceetaría do Goberno Local- e daqueles encadrados nos subgrupos C1, C2 e AP obxecto do presente expediente.

A abordaxe da totalidade dos procesos en forma simultánea mostra o risco de comprometer non só a actividade ordinaria inexcusable -expedición de certificacións, solicitudes de recoñecemento de dereito e cantidade, resolución de reclamacións en vía administrativa; tramitación de devengos retributivos, xestión de permisos, vacacións e licenzas; e demais incidencias ordinarias propias da función de administración de persoal- senón a debida execución das ofertas de emprego público en prazo, impedindo que o Concello de Vigo se dote dos efectivos en propiedade necesarios para o afrontamento do relevo xeneracional que o sector público demanda na actualidade, así como para a prevención de potenciais situacións de sobrecarga profesional dos efectivos existentes e en servizo operativo na Administración Municipal, incrementando os niveis de equilibrio psicosocial no entorno profesional, e permitindo á organización unha adecuada xestión do talento.

### IV.- ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE.

O art. 4.1., apartados a) e c) da Lei 7/1985, do 2 de abril (LBRL) xa citada recoñécelle aos municipios, entre outras, as potestades públicas de autoorganización e as de programación e planificación, respectivamente.

O órgano competente para a aprobación de convocatorias e as súas bases no ámbito da xestión do persoal municipal é a Xunta de Goberno local, ao abeiro do artigo 127.1, apartados g) e h) da mesma norma básica.

En consecuencia, coa conformidade da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/06/2025) e da Concelleira-delegada da Área de Educación e de Recursos Humanos e Formación (resolucións da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/06/2025) sométese á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**“Primeiro.-** Acumular, de conformidade co establecido no artigo 57 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os recursos de reposición interpostos contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 3 de novembro do 2023 (BOPPO nº 224, do martes 21 de novembro do 2023) polo que se aproban os criterios xerais, convocatoria e bases reitoras para a provisión mediante concurso dos postos de traballo C1, C2 e AP do Concello de Vigo (expediente electrónico nº 40.685/220); recursos que se relacionan no antecedente 2 do informe-proposta que antecede.

**Segundo.-** Estimar parcialmente os recursos de reposición interpostos contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 20/10/2023, polo que se aproban os criterios xerais, convocatoria e bases reitoras para a provisión definitiva mediante concurso dos postos de traballo encadrados nos subgrupos C1, C2 e AP o Concello de Vigo (expediente electrónico nº 40.685/220) e citados no apartado primeiro do presente acordo, e en consecuencia deixar sen efecto a totalidade do acordo citado no presente apartado, en atención á motivación contida no informe-proposta que antecede.

**Terceiro.-** Inadmitir, en base á motivación legal exposta no informe-proposta que antecede, o recursos presentados por E.A.R en representación de CCOO (Doc. 230385094) por duplicidade de trámite; C.R.G (Doc. 230420709) por duplicidade e extemporaneidade; e D.P.G en representación de SICO, por extemporaneidade conforme ao exposto nos fundamentos xurídicos do presente acordo.

**Cuarto.-** Instar ás Concellerías competentes en materia de persoal á incoación de expediente administrativo para a elaboración de criterios xerais rectores da provisión definitiva polo sistema de concurso ordinario dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1, A2, C1, C2 e AP de titulación existentes no Concello de Vigo, actualizando os mesmos segundo o indicado na motivación xurídica do presente acordo, calendarizando as convocatorias consonte á capacidade de xestión da actividade administrativa no centro xestor competente, e respectando a debida execución do obxecto do contrato administrativo de servizos de apoio na elaboración e revisión da vixente relación de postos de traballo, APT e VPT con perspectiva de xénero e suficiencia dotacional en plantilla (expediente nº 43.010-220); criterios xerais que serán sometidos á preceptiva negociación colectiva no



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

*marco do proceso de diálogo social coa representación sindical do persoal, segundo determina a normativa.*

**Quinto.-** *Notificar o presente acordo aos recorrentes, ás persoas designadas como instructoras dos procedementos de provisión definitiva dos postos de traballo do Concello de Vigo, á Asesoría Xurídica Municipal (Titularidade e servizos xurídicos) e á Intervención Xeral Municipal para coñecemento, ordenando a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e diarios oficiais que correspondan, aos efectos da preceptiva publicidade.*

**Sexto.-** *Informar que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa"*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(516).- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN COMO PERSOAL LABORAL FIXO DAS PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO, OFICIAL COIDADOR/A MANTEMENTO VIXILANCIA E CONTROL, OFICIAL SEPULTUREIRO/A, OFICIAL INSTALACIÓNS MUNICIPAIS, OFICIAL INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E OFICIAL MANTEMENTO DEPORTES, DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE ESTABILIZACIÓN. EXPTE. 46629/220.**

Visto o informe de fiscalización do 25/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/06/2025, asinado pola técnica de administración xeral, e conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES:**

**I.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 31/05/2022, acordou aprobar a oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo, en cumprimento das obrigas contempladas na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade nas Administracións Públicas, consonte aos informes emitidos no expediente nº 39.998/220 (Publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPP) de data 31/05/2022 e no Diario Oficial de Galicia (DOG) de data 08/06/2022).

A convocatoria e bases xerais dos referidos procesos selectivos, foron aprobadas en sesión de Xunta de Goberno Local de data 23/12/2022 (BOPPO de data 30/12/2022) e as bases específicas dos procesos selectivos das prazas ofertadas polo sistema selectivo de concurso, foron aprobadas polo mesmo órgano por acordo de data 19/05/2023 (BOPP de data 31/05/2023), entre as que se atopaban as seguintes prazas en réxime laboral, equiparadas ao subgrupo C2 de titulación:

| Denominación                                 | Vínculo xurídico/ subgrupo   | Nºde prazas |
|----------------------------------------------|------------------------------|-------------|
| AUXILIAR ADMINISTRATIVO                      | Laborar fixo (equi. Sub. C2) | 2           |
| O. COIDADOR, MANTEMENTO, VIXIANCIA E CONTROL | Laborar fixo (equi. Sub. C2) | 3           |
| OFICIAL SEPULTUREIRO                         | Laborar fixo (equi. Sub. C2) | 1           |
| OFICIAL INSTALACIÓNS MUNICIPAIS              | Laborar fixo (equi. Sub. C2) | 1           |
| OFICIAL INSTALACIÓNS DEPORTIVAS              | Laborar fixo (equi. Sub. C2) | 1           |
| OFICIAL MANTEMENTO DEPORTES                  | Laborar fixo (equi. Sub. C2) | 3           |

II.- O Órgano de selección -Tribunal 3 encargado de xulgar as probas selectivas do proceso da OEP de estabilización de emprego público, subgrupo C2, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento como persoal laboral fixo dos seguintes aspirantes:

PROCESO Nº 35- AUXILIAR ADMINISTRATIVO (Exp. 43789/220)

PEREIRAS BERMEJO V. \*\*\*3746\*\*

COSTAS RODRÍGUEZ V. \*\*\*3534\*\*

PROCESO Nº 36 - OFICIAL COIDADOR/A MANTEMENTO VIXILANCIA E CONTROL (Exp. 43790/220)

GONZÁLEZ ÁLVAREZ, M.C \*\*\*7873\*\*

RAMOS MARTÍNEZ, I.J \*\*\*0022\*\*

PESQUEIRA CAMESELLE, X.M \*\*\*1031\*\*

PROCESO Nº 37 - OFICIAL SEPULTUREIRO/A (Exp. 43791/220)

COSTAS VILLAR, A \*\*\*2517\*\*

PROCESO Nº 38 OFICIAL INSTALACIÓNS MUNICIPAIS (Exp. 43792-220)

LÓPEZ DAVILA, D \*\*\*4487\*\*

PROCESO Nº 39 OFICIAL INSTALACIÓNS DEPORTIVAS (Exp. 43793/220)

PORTAS SAAVEDRA, M.J \*\*\*1235\*\*

PROCESO Nº 40 OFICIAL MANTEMENTO DEPORTES (Exp. 43794-220)

GARCÍA FIGUEROA, G \*\*\*9001\*\*

BARROS ALONSO, J.G \*\*\*3411\*\*

SILVA PEREIRA, B \*\*\*0358\*\*

O correspondente anuncio publicouse na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 02/01/2025, marcando o inicio do prazo de 20 días naturais establecido nas bases da convocatoria para presentar a documentación esixida nela.

Posteriormente consta acordo da XGL de 22/04/2025 de resolución dos recurso de alzada presentados e proposta de nomeamento. Segundo resolución dos recursos publicada na páxina web municipal en data 08/05/2025, figura modificación no nomeamento a realizar no caso do proceso 38, procedendo:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

PROCESO Nº 38 OFICIAL INSTALACIÓNS MUNICIPAIS (Exp. 43792-220)  
BASTOS CABALEIRO, F (\*\*7239\*\*)

III.- Consta nos trámites 29 e 65 do expediente, verificación administrativa sobre a documentación presentada polo persoal proposto, conforme ao exixido nas bases do procedemento ou por figurar xa en en poder da administración ao tratarse de persoal de alta no Concello de Vigo na data de sinatura.

IV.- Consta elección da Sra. Pereiras Bermejo (trámite 50) da praza de auxiliar administrativo réxime laboral fixo (46629/220), e renuncia a plaza de auxiliar administrativo réxime funcionarial (46629/220)

V.- Consta incorporado informe de verificación de datos de data 02/06/2025 (trámite 36) sobre a situación das prazas que foron executadas e por se estivesen ocupadas actualmente en réxime de interinidade (ou persoal laboral temporal):

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

#### I.- Réxime do persoal laboral; normativa de aplicación

##### **-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.**

*Artigo 91. "1. Las Corporaciones locales formarán públicamente su oferta de empleo, ajustándose a los criterios fijados en la normativa básica estatal.*

*2. La selección de todo el personal, sea funcionario o laboral, debe realizarse de acuerdo con la oferta de empleo público, mediante convocatoria pública y a través del sistema de concurso, oposición o concurso-oposición libre en los que se garantizan, en todo caso, los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, así como el de publicidad.*

*Artigo 103. "El personal laboral será seleccionado por la propia Corporación ateniéndose, en todo caso, a lo dispuesto en el artículo 91 y con el máximo respeto al principio de igualdad de oportunidades de cuantos reúnan los requisitos exigidos.*

##### **-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei del Estatuto Básico do Empregado Público:**

O seu artigo 7 establece que:

*"El personal laboral al servicio de las Administraciones públicas se rige, además de por la legislación laboral y por las demás normas convencionalmente aplicables, por los preceptos de este Estatuto que así lo dispongan.*

*No obstante, en materia de permisos de nacimiento, adopción, del progenitor diferente de la madre biológica y lactancia, el personal laboral al servicio de las Administraciones públicas se regirá por lo previsto en el presente Estatuto, no siendo de aplicación a este personal, por tanto, las previsiones del texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores sobre las suspensiones de los contratos de trabajo que, en su caso, corresponderían por los mismos supuestos de hecho."*

Á súa vez, o artigo 11 dispón que:

*“1. Es personal laboral el que en virtud de contrato de trabajo formalizado por escrito, en cualquiera de las modalidades de contratación de personal previstas en la legislación laboral, presta servicios retribuidos por las Administraciones Públicas. En función de la duración del contrato éste podrá ser fijo, por tiempo indefinido o temporal.*

*2. Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto establecerán los criterios para la determinación de los puestos de trabajo que pueden ser desempeñados por personal laboral, respetando en todo caso lo establecido en el artículo 9.2.*

*3. Los procedimientos de selección del personal laboral serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito y capacidad. En el caso del personal laboral temporal se regirá igualmente por el principio de celeridad, teniendo por finalidad atender razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia.”*

**-Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.**

*-Artigo 63. “La condición de personal laboral se adquiere por la firma del contrato de trabajo, previa acreditación de que se reúnen los requisitos y condiciones exigidos y, en su caso, de la superación del correspondiente proceso selectivo”.*

**-Convenio das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo.**

No seu artigo 20, sobre a estrutura das retribucións do persoal municipal, establece que, en canto ao persoal laboral, estableceranse en función da titulación de equiparación e serán as mesmas cas do persoal funcionario da súa categoría en antigüidade.

**-Ceses previos como persoal laboral temporal ou laboral indefinido non fixo para poderen ser contratados como persoal laboral fixo.**

Das persoas propostas polo órgano de selección para a súa contratación como persoal laboral fixo, equiparados ao subgrupo C2 de titulación, constan que están presentado servizos actualmente nesta administración, as seguintes:

- Posto 689– oficial coidador/a, mantemento, vixilancia e control, dotacións 5, 6 e 10, no 612
- VIGO ZOO; vinculado á praza oficial coidador/a zoo:

\* Dotación 5: ocupada interinamente en data de sinatura por X. M. Pesqueira Cameselle, nº persoal 83275.

\* Dotación 6: ocupada interinamente en data de sinatura por M. C. González Álvarez, nº persoal 83276.

- Posto 205– oficial sepultureiro/a, dotación 5, no 303 – CEMITERIOS; vinculado á praza oficial sepultureiro/a: ocupada interinamente en data de sinatura por A. Costas Villar, nº persoal 82456.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

- Posto 615— oficial instalacións deportivas, dotación 18, no 611 - SERVIZO MUNICIPAL DEPORTES; vinculado á praza oficial instalacións - IMD: ocupada interinamente en data de sinatura por M. J. Portas Saavedra, nº persoal 61105.

- Posto 616— oficial mantemento deportes, dotacións 2, 4 e 5, no 611 - SERVIZO MUNICIPAL DEPORTES; vinculado á praza oficial mantemento- IMD:

\* Dotación 2: ocupada interinamente en data de sinatura por G. García Figueroa, nº persoal 60903.

\* Dotación 4: ocupada interinamente en data de sinatura por B. Silva Pereira, nº persoal 61001.

\* Dotación 7: ocupada interinamente en data de sinatura por J. G. Barros Alonso, nº persoal 60902.

Para levar a cabo a súa contratación no seu novo réxime laboral, as persoas interesadas deberán cesar previamente da situación temporal actual, ceses que xerarán os seus efectos dende o día inmediatamente anterior a que firmen os respectivos contratos como laborais fixos.

### **II.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

*“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.*

*2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:*

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

### **III. - Órgano municipal competente.**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora

das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/06/2026).

### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Cesar como persoal laboral temporal e toda vez que as prazas que ocupan actualmente foron executadas na respectiva oferta de emprego público de estabilización do Concello de Vigo, e os respectivos nomeamentos como persoal laboral fixo serán realizados conforme ao apartado SEGUNDO do presente acordo, a:

- Posto 689– oficial coidador/a, mantemento, vixilancia e control, vinculado á praza oficial coidador/a zoo:

- \* X. M. Pesqueira Cameselle, nº persoal 83275. Dotación 5
- \* M. C. González Álvarez, nº persoal 83276. Dotación 6

- Posto 205– oficial sepultureiro/a, vinculado á praza de oficial sepultureiro/a

- \* A. Costas Villar, nº persoal 82456. Dotación 5

- Posto 615– oficial instalacións deportivas, vinculado á praza oficial instalacións - IMD:

- \* M. J. Portas Saavedra, nº persoal 61105. Dotación 18

- Posto 616– oficial mantemento deportes, vinculado á praza oficial mantemento- IMD:

- \* G. García Figueroa, nº persoal 60903. Dotación 2
- \* B. Silva Pereira, nº persoal 61001. Dotación 4
- \* J. G. Barros Alonso, nº persoal 60902. Dotación 7

**SEGUNDO.-** Contratar como persoal municipal en réxime laboral fixo, equiparados ao subgrupo C2 de titulación e con cargo a diversas prazas que foron convocadas en execución da Oferta de Emprego Público de Estabilización do Concello de Vigo, a:

### **COMO AUXILIAR ADMINISTRATIVO (Exp. 43789/220)**

PEREIRAS BERMEJO V. \*\*\*3746\*\*  
COSTAS RODRÍGUEZ V. \*\*\*3534\*\*

### **COMO OFICIAL COIDADOR/A MANTEMENTO VIXILANCIA E CONTROL (Exp. 43790/220)**

GONZÁLEZ ÁLVAREZ, M.C \*\*\*7873\*\*  
RAMOS MARTÍNEZ, I.J \*\*\*0022\*\*  
PESQUEIRA CAMESELLE, X.M \*\*\*1031\*\*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

### **COMO OFICIAL SEPULTUREIRO/A (Exp. 43791/220)**

COSTAS VILLAR, A \*\*\*2517\*\*

### **COMO OFICIAL INSTALACIÓNS MUNICIPAIS (Exp. 43792-220)**

BASTOS CABALEIRO, F (\*\*7239\*\*)

### **COMO OFICIAL INSTALACIÓNS DEPORTIVAS (Exp. 43793/220)**

PORTAS SAAVEDRA, M.J \*\*\*1235\*\*

### **COMO OFICIAL MANTEMENTO DEPORTES (Exp. 43794-220)**

GARCÍA FIGUEROA, G \*\*\*9001\*\*

BARROS ALONSO, J.G \*\*\*3411\*\*

SILVA PEREIRA, B \*\*\*0358\*\*

De conformidade co previsto nas Bases Xerais da convocatoria, en particular na Base Décimo Cuarta 3, notificaráselles aos/ás interesados/as para que subscriban os seus contratos laborais fixos no prazo dun mes, contado dende o día seguinte á notificación do nomeamento.

O ceses acordados no apartado PRIMEIRO do presente acordo, xerarán os seus efectos dende o día inmediatamente anterior ao que teña lugar a contratación dos interesados como persoal laboral fixo.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Empresa, aos efectos procedentes.

**CUARTO.-** Informar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente ante a xurisdición social."

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(517).- SUBVENCIÓN Á FEDERACIÓN DE BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DOS PROGRAMAS “VIGO UN MAR DE BANDAS” E “VIGO, BANDAS NOS TORREIROS” E “AULAS DE MÚSICA 2025”. EXPTE. 6150/330.**

Visto o informe xurídico do 12/06/2025 e informe de fiscalización do 26/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 09/06/2025, asinado polo xefe do do servizo Xestión e Promoción Cultural, e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal 3 de xuño do 2025, a “Federación de Bandas de Música Populares de Vigo” presenta escrito de solicitude de subvención para o desenvolvemento do programa “Vigo un Mar de Bandas”, “Vigo, Bandas nos Torreiros” e “Aulas de Música” con cargo ao orzamento do exercicio 2025 ; por este motivo, por parte desta xefatura iniciase o expediente de subvención correspondente co obxecto de asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 233.200 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.10 do orzamento municipal vixente.

**ANTECEDENTES.-**

A FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro que aglutina todas e cada unhas das bandas de música populares da cidade de Vigo e que leva desenvolvendo, dende o ano 1990, unha importante labor de difusión e potenciación da súa actividade polos distintos barrios da cidade. Os principais obxectivos destas actividades son, por un lado, a formación continua dos integrantes das bandas de música e, por outro, achegar unha oferta musical de maior calidade aos cidadáns, potenciando a creación de novos públicos.

Este ano continúaase co programa “Vigo, bandas nos torreiros” que se desenvolveu por primeira vez no ano 2023, programa especial de 18 actuacións das bandas de música de suma importancia tanto para a difusión e potenciación da cultura musical galega e doutra índole a través da formación dunha banda de música e tamén para o desenvolvemento e potenciación da actividade musical na propia banca que



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

implica as seguintes diferencias co ciclo do “Programa Vigo un Mar de Bandas”: Unha maior duración das actuacións, actuacións estáticas como en movemento, maior extensión do repertorio, diversidade do espectáculo e actuacións se farán nos torreiros dos diferentes barrios da cidade.

Dende o ano 2001-2002, a citada entidade vén desenvolvendo o programa “**Aulas de música nas bandas**” cuxo propósito é o de ofrecer unha formación musical á cidadanía. A través deste programa trátase de fomentar o hábito e o estudo da música de banda, a aprendizaxe da linguaxe musical, o manexo de instrumentos musicais e a práctica dentro dunha colectividade, estando destinado ó público en xeral, sen límite de idade.

A memoria económica que se achega ao convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 233.200 € (douscentos trinta e tres mil douscentos euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 233.200 €

### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud de subvención
- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo

- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de aceptación do texto do convenio presentado na sede electrónica o día 8 de xuño do 2025 (doc. 250131236)

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “Federación de Bandas de Música Populares de Vigo” para o desenvolvemento do programa “Vigo un Mar de Bandas”, “Vigo, Bandas nos Torreiros” e “Aulas de Música” con cargo ao orzamento do exercicio 2025, obxecto deste convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024, e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “Federación de Bandas de Música Populares de Vigo” para o desenvolvemento do programa “Vigo un Mar de Bandas”, “Vigo, Bandas nos Torreiros” e “Aulas de Música” con cargo ao



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

orçamento do exercicio 2025, axústase ás directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento das actividades socioculturais.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Federación de Bandas de Música Populares de Vigo deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orçamento do Concello de Vigo do 2025, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación de Bandas de Música Populares de Vigo” ten como obxecto financiar o desenvolvemento do programa “Vigo un Mar de Bandas”, “Vigo, Bandas nos Torreiros” e “Aulas de Música”, figurando na aplicación **3340.480.00.10** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 233.200 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación de Bandas de Música Populares de Vigo” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

**Considerarase como gasto subvencionable o gasto que se xustifique coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.**

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

### **CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN**

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte:

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

***PRIMEIRO.-** Aprobar a concesión directa da subvención de 233.200 € (DOUSCENTOS TRINTA E TRES MIL DOUSCENTOS EUROS ) á Federación de Bandas Populares de Música de Vigo, CIF. G-36855906, para o financiamento do programa “Vigo un Mar de Bandas”, “Vigo, Bandas nos Torreiros” e “Aulas de Música”, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.10 “ FEDERACIÓN DE BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO. MAR DE BANDAS”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Federación de Bandas Populares de Música de Vigo que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa “Vigo un Mar de Bandas”, “Vigo, Bandas nos Torreiros” e “Aulas de Música” no exercicio 2025.”*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, PARA O FINANCIAMENTO DOS PROGRAMAS “VIGO, UN MAR DE BANDAS”, “VIGO, BANDAS NOS TORREIROS” E “AULAS DE MÚSICA” 2025**

En Vigo, na data da sinatura dixital

### **REÚNENSE**

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da alcaldía do 28 de xuño do 2023, modificado por resolución do 28 de xuño do 2024 e resolución de delegación do alcalde de competencias xenéricas e específicas do 28 de xuño do 2024

Doutra, D. Enrique Lorenzo Vila, na súa condición de presidente da Federación de Bandas de Música Populares de Vigo (CIF: G-36855906) (en adiante a ASOCIACIÓN), inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co número 857-03, con enderezo social na rúa Canteiros, 53, CP 36213 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita ASOCIACIÓN, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

### MANIFESTAN

*I.- Que a **FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO** é unha entidade sen ánimo de lucro que aglutina todas e cada unhas das bandas de música populares da cidade de Vigo e que leva desenvolvendo, dende o ano 1990, unha importante labor de difusión e potenciación da súa actividade polos distintos barrios da cidade. Os principais obxectivos destas actividades son, por un lado, a formación continua dos integrantes das bandas de música e, por outro, achegar unha oferta musical de maior calidade aos cidadáns, potenciando a creación de novos públicos.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO**, en concreto nos programas “Vigo, un mar de bandas”, “Vigo, Bandas nos torreiros” e “Aulas de Música”, como medio que é de promover a música popular na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.10, como subvención nominativa, a favor da **FEDERACIÓN DE BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO**, a cantidade de 233.200 euros.*

*IV.- Que a **FEDERACIÓN DE BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

*V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar este convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización do dito programa.*

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

### CLÁUSULAS

#### PRIMEIRA.- OBXECTO

A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa de actividades que se detalla na documentación achegada pola entidade no expediente de aprobación do convenio, concretamente os programas “Vigo, un mar de bandas”, “Vigo, bandas nos torreiros” e “Aulas de Música” 2025

## **SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO**

A memoria económica que se incorpora a este convenio, achegada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 233.200 € (douscentos trinta e tres mil douscentos euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 233.200 €

## **TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA**

### **PROGRAMA “Vigo, un mar de bandas”**

- As actuacións desenvolveranse, segundo o programa que se achega a este expediente, entre o 30 de decembro do 2024 e o 8 de novembro do 2025
- O número total de actuacións será de 99 (noventa e nove) quedando algunha data pendente de concretar
- As actuacións irán destinadas ao público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste programa corresponderalle á ASOCIACIÓN, en coordinación co CONCELLO.
- Con carácter xeral, quedan excluídas deste convenio aquelas actuacións en festas e romarías patronais.

### **PROGRAMA Vigo Bandas nos Torreiros 2025**

É un programa especial de 18 actuacións das bandas de música, que se desenvolverán segundo detalle da memoria que se achega a este expediente, entre os días 4 de febreiro e o 5 de outubro do 2025, quedando algunha data pendente de concretar. Ten as seguintes diferencias co ciclo do Programa Vigo un Mar de Bandas:

- Unha maior duración da actuación, chegando a ter un mínimo de duración de tres horas.
- Realización de actuacións estáticas como en movemento.
- Maior extensión do repertorio



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

- Diversidade do espectáculo.
- As actuacións serán en barrios da cidade, en espazos amplos como ser os torreiros.

### **PROGRAMA “Aulas de Música”**

- Desenvolverase de xaneiro a xuño do 2025, nas sedes das bandas de música populares de Vigo que forman parte da ASOCIACIÓN.
- As actividades están destinadas ao público en xeral, polo que o acceso será público e gratuíto.
- O límite de alumnado estará determinado polo número de prazas dispoñíbeis nos cursos ou grupos programados.
- Realizaranse, ademais, intercambios entre os centros ou entidades culturais participantes no programa, co obxecto de potenciar a Rede de Escolas de Música.
- Ao final do curso, entregaranse diplomas acreditativos de participación e paso pola Rede de Escolas de Música.
- Poderá existir tamén a distinción de alumnado destacado a través do outorgamento de becas para ampliar os seus estudos.

### **CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Enrique Lorenzo Vila, presidente da asociación.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións, particularmente sobre as obrigas recollidas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou ás doutros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos cales se facilitará tanta información se lles requira para este efecto, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. Colaborar co persoal que, no seu caso, desenvolva a/as auditoría/s xestionadas polo Concello de Vigo, prestando a debida colaboración, atendendo aos seus requirimentos e achegando, de selo caso, a documentación complementaria solicitada".



## **CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1921/1102

10. As entidades con personalidade xurídica que non teñan a obriga de levar a contabilidade deberán dispor dun control de ingresos e gastos que sexan imputados á actividade subvencionable.
11. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa. Neste sentido a entidade presenta póliza do seguro de responsabilidade civil que atendería calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento así como recibo de pagamento da mesma.

### **QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (233.200 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións conveniantes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do

programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

#### Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

### OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

Estipúlanse dous pagamentos segundo o seguinte:

- a) Un primeiro pagamento no mes de agosto, que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ao número de actuacións que se teñan realizado ata o 31 de xullo e polo importe total correspondente ao programa de formación continua para músicos “Aulas de música”.
- b) Un segundo pagamento no mes de outubro, que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ao número de actuacións que se teñan realizado no período comprendido entre o 1 de agosto e o 30 de setembro.
- c) Un terceiro e derradeiro pagamento que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ás actuacións realizadas no período comprendido entre o 1 de outubro ata o 11 de novembro do 2025. O límite para presentar esta solicitude e a correspondente xustificación será o 11 de novembro do 2025.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademais deberá achegar un balance que abranca a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios elec-

trónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 11 de novembro do 2025
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados dende o 15 de novembro do 2024 ata o 10 de novembro do 2025 e que teñan como data límite dous meses posteriores á última das actividades financiadas, que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor ( máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará conxuntamente aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en

concorrenza con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

#### **NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

#### **DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente



## **CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1921/1102

convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

### **DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

### **DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

### **DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2025, e non será prorrogable.

### **DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas neste convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

### **DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS**

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.

b) O acordo unánime de todos os asinantes.

c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

### **DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade

### PROPOSTA ECONÓMICA

| CONCEPTO de GASTOS                         | ORZAMENTO        |
|--------------------------------------------|------------------|
| 99 Actuacións “Vigo, un mar de bandas”     | 128.920 €        |
| 18 Actuacións “Vigo, bandas nos torreiros” | 34.200 €         |
| AULAS DE MÚSICA NAS BANDAS                 | 54.000 €         |
| Produción + Publicidade + Programas        | 16.080 €         |
| <b>TOTAL GASTOS</b>                        | <b>233.200 €</b> |

| CONCEPTO de INGRESOS        | ORZAMENTO        |
|-----------------------------|------------------|
| Subvención CONCELLO DE VIGO | 233.200 €        |
| <b>TOTAL INGRESOS</b>       | <b>233.200 €</b> |

Así mesmo, proponse as seguintes contías por actuación de cada unha das bandas de música pertencentes á FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, segundo a actividade:

| Banda de Música                  | Vigo, un mar de bandas | Vigo, bandas nos torreiros |
|----------------------------------|------------------------|----------------------------|
| Unión Musical de Valladares      | 1.400 €                | 2.700 €                    |
| Escola de Música de Beade        | 1.400 €                | 2.000 €                    |
| Agr. Musical Atlántida de Matamá | 1.360 €                | 2.000 €                    |
| Unión Musical de Coruxo          | 1.360 €                | 1.800 €                    |
| Lira de San Miguel de Oia        | 1.360 €                | 1.800 €                    |
| UVCD de Candeán                  | 1.270 €                | 1.800 €                    |
| Unión Musical de Cabral          | 1.270 €                | 1.800 €                    |
| Delicias do CCR de Cabral        | 1.150 €                | 1.600 €                    |
| Ateneo Musical de Bembrive       | 1.150 €                | 1.600 €                    |

intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

## ORZAMENTO 2025 E IMPORTES POR ACTUACIÓN DAS BANDAS

### ANEXO I

|                                                                                                                                           |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p><b>CERTIFICACIÓN DE ACTUACIÓN</b><br/><b>BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO</b><br/><b>PROGRAMA “ VIGO, UN MAR DE BANDAS 2025”</b></p> |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

|                                                                                                                                                                                                       |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p>D/Dña.....</p> <p>en representación da entidade .....</p> <p>CIF ....., con domicilio social en .....</p> <p>.....</p> <p>de VIGO, teléfono/s de contacto.....</p> <p>correo electrónico .....</p> |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

**EXPÓN:**



**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1921/1102

1. Que a banda popular de música..... realizou o concerto programado pola Federación de Bandas Populares de Música de Vigo, en colaboración coa Concellería da Área de Cultura, na citada entidade, o día ..... de ..... do 2025, en.....
2. Que a banda presentouse no recinto de actuación á hora indicada e realizou o concerto con total normalidade.
- 3.-Que o número de público asistente ao concerto foi de .....

**OBSERVACIÓNS:**.....

.....

VIGO, ..... de ..... do 2025

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

SELO DA ENTIDADE

Asinado:

## ANEXO II

### **CERTIFICACIÓN DE ACTUACIÓN BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO PROGRAMA “ VIGO, BANDAS NOS TORREIROS 2025”**

D/Dña.....  
en representación da entidade .....  
CIF ....., con domicilio social en .....  
.....  
de VIGO, teléfono/s de contacto.....  
correo electrónico .....

#### **EXPÓN:**

1. Que a banda popular de música..... realizou o concerto programado pola Federación de Bandas Populares de Música de Vigo, en colaboración coa Concellería da Área de Cultura, na citada entidade, o día ..... de ..... do 2025, en.....
2. Que a banda presentouse no recinto de actuación á hora indicada e realizou o concerto con total normalidade.
- 3.-Que o número de público asistente ao concerto foi de .....

**OBSERVACIÓNS:**.....

.....

VIGO, ..... de ..... do 2025

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

SELO DA ENTIDADE

Asinado:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

### **16(518).- MODIFICACIÓN TEMPORAL DO RÉXIME DE DESCANSO DOS TAXIS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 5105/449.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 30/06/2025, asinado pola xefa do servizo de Transportes e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES:**

Por acordo plenario de data 6 de setembro de 2010 aprobouse a disposición complementaria para a regulación de quendas de descanso no sector do taxi fixándose o descanso de 92 taxis por día de forma rotatoria de luns a domingo de 00:00 a 24:00 horas por un período de proba de tres meses. A adopción de dita medida foi provocada pola situación de crise e diminución de traballo do sector.

Por acordo plenario de data 31 de xaneiro de 2011 foi aprobada a prorroga do descanso obrigatorio dos taxis da cidade, aprobado inicialmente por un período de tres meses e nas mesmas condicións, acordo que se mantén en vigor até a data.

#### **SOLICITUDES :**

Na data 25 de xuño de 2025 D. Emilio Mosquera Rodríguez, como Presidente da Xunta Directiva da ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE AUTOPATRONOS DEL TAXI DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA ( C.I.F. G-36636637), e en representación da mesma, considerando que é responsabilidade do seu colectivo garantir unha adecuada prestación do servizo de taxi en canto a eficiencia e calidade, expón:

""Que es responsabilidad de nuestro colectivo garantizar una adecuada prestación del servicio de taxi en cuanto a eficiencia y calidad.

Que con la entrada de la época estival, aumento del turismo, festivales, conciertos, Marisquiño y demás eventos, que después se enlaza con Conxemar y más adelante ya con la época navideña, luces y demás, se ha convocado una votación sectorial y nominal los días 23 y 24 de Junio para decidir sobre la regulación del descanso para los próximos seis meses (del 1 de Julio al 11 de Enero). Que esta situación se ha visto agravada por la entrada de Uber en Vigo, realizando servicios urbanos sin estar en posesión de la autorización necesaria, y que provoca que el taxi, más que nunca, deba estar atento a prestar el mejor servicio posible a sus clientes.

Como es evidente, la adopción de esta medida no supone ninguna merma ni vulnera el derecho al descanso legal de los trabajadores, pues no es una obligación de trabajar sino simplemente la posibilidad de hacerlo, dejando a la decisión de cada uno los días y horas en que quiere descansar y siempre cumpliendo el Estatuto de los trabajadores y el Convenio Regulador del sector.

La votación ha tenido una participación de 366 titulares de licencia de taxi (67% del censo) y con los siguientes resultados:

Votos emitidos: 366

1. Votos a favor de mantener el régimen actual : 88
2. Votos a favor de suspender de forma provisional el descanso: 274
3. Votos nulos: 3
4. Votos en blanco: 1 “

## **INFORME :**

Nos últimos anos e dende a pandemia produxéronse importantes variacións en relación coa demanda do servizo de taxis na cidade, pasando dunha escasa demanda durante os anos 2020 e 2021, a un incremento da demanda durante os anos 2022, 2023, 2024 e o ano 2025.

Durante as festas de Nadal 2022 foi suspendida provisionalmente a obrigatoriedade do descanso até o 15 de xaneiro en horario nocturno

Durante a celebración do Marisquiño foi suspendida provisionalment.e a obrigatoriedade do descanso durante as 24 horas dos días 10, 11,12, e 13 de agosto de 2023, ao obxecto de poder satisfacer o previsible incremento da demanda nas mencionadas datas e a fin de manter a calidade do servizo de taxis.

E, así mesmo foi suspendida provisionalmente a obrigatoriedade do descanso no horario comprendido entre as 22:00 e as 08:00 horas, no período comprendido entre o 1 de xullo e até o 3 de setembro de 2023 incluído, ao obxecto de poder satisfacerse o previsible incremento da demanda existente, e manter a calidade do servizo de taxis.

Durante a celebración da feira Conxemar no ano 2023, foi suspendida provisionalmente a obrigatoriedade do descanso, durante as 24 horas dos días 2 ao 6 de outubro de 2023, solicitada a fin da poder garantir a demanda de servizo derivada da celebración da citada feira.

Durante a celebración das festas do Nadal 2023, foi suspendida provisionalmente a obrigatoriedade do descanso no horario comprendido entre as 22:00 e as 08:00 horas, até o 14 de xaneiro de 2024 incluído, ao obxecto



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

de poder satisfacer o previsible incremento da demanda existente, e manter a calidade do servizo de taxis.

Na data 26 de xaneiro de 2024 foi autorizada a suspensión con carácter parcial, do réxime de descanso obrigatorio dos taxis da cidade aprobado na data 31 de xaneiro de 2011, no horario comprendido entre as 22:00 e as 09:00 horas, e en tanto se mantiveran as circunstancias de demanda actuais, a fin de manter a calidade do servizo de taxis.

Na data 19 de xullo de 2024 foi autorizada a suspensión con carácter parcial e temporal do réxime de descanso obrigatorio dos taxis da cidade aprobado na data 31 de xaneiro de 2011, no horario comprendido entre as 09:00 horas e as 22:00 durante os días 8,9,10 e 11 de agosto de 2024, a fin de manter a calidade do servizo de taxis, durante a celebración do Marisquiño 2024.

Na data 27 de setembro de 2024 foi autorizada a modificación con carácter temporal, do réxime de descanso dos taxis da cidade aprobado na data 31 de xaneiro de 2011, durante os días 1,2, e 3 de outubro de 2024 en horario de 9:00 a 22:00, permitindo a prestación do servizo durante os mencionados días e horarios a tódolos taxis da cidade, a fin de garantir a demanda de servizo derivada da celebración na cidade durante as citadas datas da feira CONXEMAR .

Durante todos estes períodos de modificación da obrigatoriedade do descanso, non se aprecia exceso de oferta en ningún caso.

A solicitude de modificación temporal do descanso obrigatorio dende o día 1 de xullo até o 11 de xaneiro de 2026 foi acordada pola maioría dos titulares de licenzas de taxi a fin de poder garantir a satisfacción da demanda, e evitar as queixas sobre a calidade do servizo.

Ante o previsible incremento da demanda, o Concello ten a obriga de garantir a cantidade e calidade do servizo de taxi, polo que se considera que procede adoptar medidas por parte do servizo de transportes, a fin de garantir que durante as 24 horas do día o servizo sexa suficiente para satisfacer a demanda, e evitar que esta sexa superior á oferta, cos prexuízos que poderían derivarse para os usuarios de transporte público da cidade.

Debe considerarse en primeiro lugar que a modificación proposta foi votada durante os días 23 e 24 de xuño por un número de titulares de licenzas de taxi que supera a maioría absoluta dos mesmos .

En canto as datas de modificación do réxime de descansos, debe terse en conta que o inicio da época estival, implica un importante aumento do turismo, os festivais estivais e os concertos no parque de Castrelos atraen a un elevado número de asistentes, igual que a celebración do Marisquiño que este ano concentrara tódalas actividades e probas na praia de Samil,

eventos que todos eles xeran a necesidade de contar cun servizo urbano de transporte en taxis suficiente para dar resposta a toda a demanda. A mesma necesidade de servizo xerase durante a celebración da feira de pesca Conxemar que atrae durante as datas de celebración a visitantes de todo o mundo, e a continuación dende mediados de novembro inicianse as festas de Nadal que como é sabido atrae a visitantes nos últimos anos de diverso países ( especialmente España e Portugal) polo que as datas solicitadas de modificación do descanso consideranse correctas. En canto ao horario debe ser de 9:00 horas até as 22:00, xa que no horario nocturno o servizo xa esta liberado temporalmente.

Por outra banda, a modificación proposta, non afecta en ningún caso ao horario e réxime de descansos dos traballadores do sector do taxi , senón que referise unicamente a licencia.

Polo exposto, por parte de este servizo propónse informar favorablemente, ao amparo da regulación legal recollida no artigo 39 da vixente ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo, a proposta presentada pola Asociación provincial de autopatronos del taxi da la provincia de Pontevedra, na data 25 de xuño de 2025, na que se recolle a vontade da maioría do sector , e acordar a modificación temporal do réxime de descanso do servizo de taxi da cidade, dende o día 7 de xullo de 2025 até o día 11 de xaneiro de 2026 no horario diúrno dende as 9:00 horas até as 22:00 autorizando a prestación do servizo durante os mencionados días e horarios a tódolos taxis da cidade, a fin de poder satisfacer o incremento da demanda mediante un servizo de calidade, e de conformidade coa vontade manifestada polo titulares das licenzas de taxi da cidade.

## **RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN :**

De conformidade co disposto no artigo 39 da vixente ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo aprobada na data 9 de febreiro de 2015, e modificada nas datas 5 de setembro de 2018 e 30 de marzo de 2022: “Cando concorran situacións excepcionais que impliquen una importante diminución ou incremento da demanda perfectamente xustificada e provisional no tempo, que poida afectar as condicións de prestación do servizo en relación coa rendibilidade do mesmo, e que non se trate dunha proposta que de lugar a unha modificación permanente do sistema de descansos, pode estudarse unha modificación provisional do réxime de descanso. A proposta pode ser á solicitude das asociacións representativas do sector acreditando o apoio a iniciativa, dunha maioría absoluta das licenzas de taxi existentes.



## **CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1921/1102

De conformidade co disposto na vixente ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi, no seu artigo 4 apartado b establece que:) a competencia para a aprobación das disposicións complementarias de prestación do servizo corresponde a Xunta de Goberno Local, polo que considerando que o descanso obrigatorio para o sector do taxi, foi aprobado por unha disposición complementaria da ordenanza reguladora do servizo, considerase que no presente caso, por tratarse dunha suspensión parcial e temporal dunha parte do contido da mesma, corresponde adoptar o Acordo ao mesmo órgano que ten a competencia para a súa aprobación .

Polo exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte :

### **ACORDO**

Autorizar a modificación con carácter temporal do réxime de descanso dos taxis da cidade aprobado na data 31 de xaneiro de 2011, dende o día 7 de xullo de 2025 até o día 11 de xaneiro de 2026 no horario diúrno dende as 9:00 horas até as 22:00 solicitada pola maioría dos titulares das licenzas de taxi da cidade mediante a votación realizada os días 23 e 24 de xuño convocada pola Asociación provincial de autopatronos del taxi da la provincia de Pontevedra, permitindo a prestación do servizo durante os mencionados días e horarios a tódolos taxis da cidade, a fin da poder garantir a satisfacción do incremento da demanda que se produce na cidade durante as citadas datas .

A modificación proposta, non afecta en ningún caso o réxime de descansos dos traballadores do sector do taxi, senón que referise unicamente a licencia.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das

disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Aceptación da solicitude de colaboración empresarial para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo 2025-2026: concertos de verán “Vigo en festas 2025”. Expte. 10413/335.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**17(519).- ACEPTACIÓN DA SOLICITUDE DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE VIGO 2025-2026: CONCERTOS DE VERAN“VIGO EN FESTAS 2025”. EXPTE. 10413/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta da xefa do servizo de Festas de data 03/07/2025, conformado pola Secretaria de Administración Municipal e Concelleira de Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal na mesma data, que di o seguinte:

Con data 22 de abril de 2025 a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria aprobou as bases reguladoras e convocatoria de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo 2025 - 2026”.

Con data 13 de xuño de 2025 foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, a “convocatoria de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo” xunto cos a anexos I e II. En concreto para os concertos nacionais e internacionais que se celebren no Auditorio de Castrelos de Vigo nos meses de xullo e agosto de 2025.

No prazo establecido na bases da convocatoria, comprendido entre o 14 e o 30 de xuño, presentáronse as seguintes entidades:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1921/1102

| ENTIDADE                       | CIF        | TIPO DE COLABORACIÓN | VALORACIÓN ECONÓMICA |
|--------------------------------|------------|----------------------|----------------------|
| CORPORACION HIJOS DE RIVERA SL | B 70313507 | - MONETARIA          | 100.000,00 €         |

O día 1 de xullo, de acordo co establecido na base novena das reguladoras de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo, reúnese a Comisión de avaliación para estudo das propostas anteditas.

A Comisión está integrada por a Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, Dña. Patricia Rodríguez Calviño en calidade de Presidenta e a xefa do Servizo de Festas, Dña. Olga Román Celada en calidade de Secretaria.

A comisión acepta a única a proposta achegada xa que a marca e o produto se adecúa ao tipo de actividade programada.

Non resulta necesario facer unha valoración da puntuación acadada ao existirse soamente unha proposta que valorar.

A vista do antedito, **PROPONSE** Á Xunta de Goberno Local :

**Primeiro.-** Aceptar a solicitude presentada pola empresa CORPORACION HIJOS DE RIVERA SL CIF B 70313507 pola achega monetaria de 100.000,00 €.

**Segundo.-** Comunicar á empresa solicitante a aceptación da súa participación como colaborador nos concertos nacionais e internacionais que se celebren no Auditorio de Castrelos de Vigo nos meses de xullo e agosto de 2025.

**Terceiro.-** Asinar entre a Concelleira Delegada da área de Seguridade Contratación Festas e Xestión Municipal (conforme os decretos de delegación de alcaldía de datas 20/06/2023 e 28/06/2023 e modificación de data 28/06/2024) e a entidade solicitante a proposta de convenio segundo o establecido na convocatoria.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **18(520).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

/if .

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez